

NO MAR TODO SE MOVE: ÁREAS LÉXICAS NA
NOMENCLATURA DA FAUNA MARÍTIMA DA GALLAECIA*

Francisco Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega (USC)

Á xente amiga da FGCMF que leva anos
bolinando para recuperar e socializar o
patrimonio (in)material dos mares e dos
ríos de Galicia e do norte de Portugal.

Desde Ribadeo á Guarda hai 1.195 km de costa cunha gran diversidade litográfica, con zonas relativamente rectilíneas, que alternan cos entrantes que forman as *rías*, voz galega ben coñecida internacionalmente desde que por primeira vez, a finais do séc. XIX, F. von Richthofen definiu este concepto. O litoral de Galicia está inzado de praias e de arnelas, e na batida Costa da Morte áchanse os característicos *coídos*, pequenas enseadas con pedras puídas polo mar, que tantas veces puidemos ver ennegrecidas polo piche ou chapapote vertido polo Prestige, cando os mares galegos a finais do 2002 choraban bágoas negras.

Outras áreas da costa presentan promontorios inzados de grandes pedras, que chaman *cons* nas Rías Baixas e *penas* ou *penedos* noutras zonas do litoral, e que no galego literario son *rochedos* e, sobre todo, *rochas*. Cando están no fondo do mar, a diversas brazas, para os mariñeiros son simplemente *pedras*. De presentárense en agrupamentos máis ou menos aliñados, cubertos pola auga, pero que poden quedar total ou

* O meu profundo agradecemento ós compañeiros do ILG Irene Bravo Pérez e a Xulio C. Sousa Fernández: Irene informatizou todo o material dos mapas e colaborou na redacción das lendas destes, Xulio preparou a base de datos e confeccionou o mapa do litoral da Gallaecia. Tamén quero agradecerlle a Xosé Henrique Costas González a demorada lectura deste texto e as diversas observacións que me fixo, que tiven en conta na redacción final.

parcialmente ó descuberto cando baixa a marea, fálase de *rebastais*, termo que debe ser exclusivo da xente das ribeiras do mar da Arousa, que está inzado deles dada a súa especial configuración¹.

No litoral galego hai grandes *cantís*, coma na serra da Capelada, como ben se ve cando un se achega ó Santo André de Teixido, con *peiraos*, que así chaman a esas grandes pedras onde o mar bate. Tamén hai cantís, aínda que de menor altura, no tramo que vai do cabo Silleiro á Guarda, con esas *ghamboas* ou entrantes do mar na zona de Oia e noutras partes deste litoral².

En todo este variado litoral a xente do mar creou un inmenso patrimonio inmaterial con termos referidos, entre outros conceptos, ás embarcacións e ós aparellos tradicionais, á gran variedade da flora e fauna das augas da costa, ás postas e ó tipo de terreo onde se traballa, á conservación do peixe e do marisco, ó tratamento das capturas e ás crenzas populares, ó tempo e ó estado do mar, con especial atención neste caso ás correntes e ós ventos, que nun mesmo porto poden ter nomes diferentes segundo a estación do ano. Isto é o que ocorre no costado leste da ría da Arousa onde o *vento mareiro* –título dun emble-

¹ Os rebastais son moi perigosos para a navegación, pero o rebastal de Sagres, entre Sálvora e Aguiño, impediu nos primeiros días de decembro do 2002 que o piche do Prestige entrase na ría da Arousa. Entre Sálvora e o puntal de San Vicenzo do Grove o forte nordeste deses días e o *xurro*, a forte corrente de auga doce con barro que arrastraran o Ulla e o Umia polo moito que chovera ese outono, actuaron a xeito de rebastal na outra boca da ría. E logo, cun esforzo sobrehumano, mariñeiros-cazadores en planadoiras e en barcos de cerco, xunto con mariñeiros-labradores en barcos da batea, todos eles valéndose de trueiros, salabardos e forcadás, e tamén das propias mans, retiraron o piche que ameazaba a inmensa riqueza marisqueira da ría arouzá.

² Segundo información que me fornece Xosé Henrique Costas, polo menos desde Vigo á Guarda aínda se chaman *ghamboas* esas caliñas que hai entre os cons, e de aí a expresión antiga “pescar á ghamboa”: cando o mar enchía unha cala estreita, pasábase unha rede na boca da cala, da gamboa; e ó devalar, enmallaba o peixe, que se apañaba case a pé. En Vigo, a carón do antigo bastión da Laxe, onde está hoxe o hotel Bahía, aínda se conserva na toponimia a rúa da Gamboa. Tamén existe na toponimia portuguesa. No Houaiss (2001: s.v. *gamboa*) esta voz ten como acepción (1), como brasileirismo, ‘pequeno esteiro (‘trecho de río ou de mar’) que só tem água na preamar’; e como acepción (3), relativa á pesca, é ‘pequeno braço de mar ou de río que serve como armadilha natural para prender peixes, quando do fluxo enchente da maré’. Posiblemente estea ligada á forma galega e portuguesa *camboa*, que o Xerais (2000) define como ‘lagoa pequena no litoral mariño que se enche ó subi-la marea, e queda en seco cando baixa’.

mático poemario de Ramón Cabanillas de 1915– designa un ventoiño maino e garimoso do noroeste, que na primavera e no verán sopra desde o mediodía á tardiña baixa, mentres que no inverno, dese mesmo noroeste, vén o forte *vento da travesía* ou *travesía*.

Neste texto, despois dunhas notas xerais sobre o léxico mariñeiro galego no contexto das linguas románicas ibéricas, tratarei de establecer posibles áreas léxicas na nomenclatura da fauna marítima da costa da Gallaecia, isto é, da desembocadura do Navia á desembocadura do Douro, a partir de material cartografado correspondente a 69 portos de todo ese litoral. Nos comentarios da distribución das formas tiven moi presente tanto a nomenclatura da costa asturiana do Navia ó Sella como a do litoral portugués que vai do Douro ó Guadiana, para ver en que medida o léxico do litoral cantábrico se documenta na zona de fala asturiana ou o léxico da costa que vai de Caminha a Matosinhos é propio dese litoral ou existe máis alá do Douro.

Como remate figuran unhas consideracións sobre o home e o mar e o que nel se move, incluída a lingua galega que, por primeira vez na historia da pesca de baixura e do marisqueo, empeza a convivir co castelán nos barcos e nas praias onde se anda á seca.

1. LÉXICO MARIÑEIRO GALEGO E PENINSULAR

No inmenso patrimonio inmaterial da xente da costa de Galicia hai termos de uso común en calquera porto que, de prescindirmos das variantes fonéticas, son practicamente os mesmos das outras linguas románicas da Península Ibérica. É o caso de partes do barco, como *proa* e *popa*³, que son, respectivamente, a parte de adiante e a de atrás dunha embarcación (en portugués a *popa* tamén se denomina *rè*) ou *quilla*, que é unha peza de madeira ou de ferro que vai de proa a popa, dende a roda ó codaste, por debaixo da embarcación e que constitúe o principal reforzo lonxitudinal onde descargan as demais partes do barco. Segundo Alvar (1985: 2 766), nos dominios románicos da Península só hai variantes fonéticas de *quilla*.

³ Mapas 221 'Proa' e 222 'Popa redonda' (Alvar 1985: 2 751-756).

O mesmo ocorre con termos da navegación como *orzar*, a manobra coa que se quere achegar a proa do barco a barlovento, isto é, á dirección do vento, cando se vai en bolina; pero a acción contraria, a de xirar o barco cara a sotavento ten diversas formas. Así, en galego dise *derribar*, *empopar* e, en menor medida, *arribar* e *ir á vía*; en portugués *arribar*, *ir a popa*, *dar a popa*, *empopar* e *ir a via*; en asturiano *arribar*, *ir a sotavento* e *sotaventear*; en portos de Cádiz e Ceuta dise *derribar*, así como no catalán balear, aínda que nas Baleares e no resto do dominio lingüístico catalán hai formas como *pujar* e *anar en popa*⁴.

Tamén son comúns nas linguas románicas ibéricas voces relativas a partes da vela, como *ris* (gal. estándar *rizo*), que é cada un dos cordeis aliñados que permiten acurtar o pano da vela cando vai moito vento, e voces para cabos, como *orinque*, o cabo co que se amarra unha boia a un risón para indica-la posición deste, ou *estrobo*⁵, o anaco de cabo unido polos seus chicotes que serve, por exemplo, para suxeitar o remo ó tolete. E o mesmo pasa con peixes, como a *morea*, e con artes de pesca, como a *nasa*, aínda que neste caso en portugués o máis común é a forma *covo*⁶.

Hai léxico que se rexistra desde Cantabria á costa da Caparica portuguesa, como *encascar*⁷ para a acción de tingui-las redes novas con casca de piñeiro, o que se facía cando o compoñente téxtil era de fibra natural, porque hoxe a fibra sintética xa non o necesita.

Outros termos son propios da costa que vai da desembocadura do Sella, na estrema de Asturias con Cantabria, á desembocadura do Douro, como ocorre con *axexo*, que é como se denomina o atardecer en toda a costa galega, ó igual que na costa portuguesa próxima (*aseijo* en Port.1 Viana do Castelo, *asejo* en Port.2 Vila do Conde e Port.3 Matosinhos), mentres que no resto da costa lusitana o común é *sol posto*⁸. En Asturias, a claridade leve que se dá pouco despois do solpor antes de ser noite denomínase *axexo* ou *acexo* nos portos do

⁴ Mapas 170 'Orzar' e 171 'Arribar' (Alvar 1985: 2 580-585).

⁵ Mapas 372 'Rizo', 305 'Orinque' e 335 'Estrobo' (Alvar 1985: 2 1204-1206, 1003-1005 e 1093-1095).

⁶ Mapas 641 'Morena *Muraena helena*' e 475 'Nasa' (Alvar 1989: 4 2049-2051 e 1534-1536).

⁷ Mapa 500 'Teñir las redes' (Alvar 1989: 3 1609-1611).

⁸ Mapa 132 'Atardecer' (Alvar 1985: 1 466-468).

Eo-Navia de fala galega e *aseo* (ou *asén*) nos portos de fala asturiana, desde Puerto de Veiga-Navia a Llanes⁹.

Non obstante, a luz rosada que precede inmediatamente á saída do sol presenta diversas formas no litoral galego, como se ve nos 15 puntos galegos do mapa 1127 'Aurora', de Alvar (1985: 1 453). Denomínase *alba* en L.1 Foz, L.2 San Cibrao e C.1 Bares, *día claro* en C.2 Cedeira, *alba* e *amanexo* en C.3 Sada, *albarecer* en C.4 Malpica, *clarea-lo día* en C.5 Laxe, *día claro* en C.6 Muxía, *abri-lo día* en C.7 Sardiñeiro, *alborada* en C.8 Portosín, *aurora* en C.9 Ribeira, *lusada* en P.1 Cambados, *alba do día* en P.2 Cangas do Morrazo, *blanca do día* e *clara do día* en P.3 Panxón e *día alto* en P.4 A Guarda¹⁰, mentres que na costa portuguesa próxima a Galicia rexístrase *luz do día* en Port.1 Viana do Castelo, *ourora* en Port.2 Vila do Conde e *albor* en Port..3 Matosinhos. No galego do Eo-Navia é *aurora del alba* nas Figueiras-Castropol e *alba* nos outros portos, que é o común en toda a costa asturiana¹¹. A primeira luz do día antes de saí-lo sol ten en galego a denominación xeral de *alba*¹².

Existen termos que no léxico dos mariñeiros peninsulares son exclusivos da costa atlántica de Galicia e da costa portuguesa do Miño ó Douro, como *bourel* para a boia de cortiza que se rexistra entre Cedeira e Matosinhos ou *regateira* para a muller que vende peixe, anotada entre Sada e Viana do Castelo¹³. Outras veces son termos propios da costa que vai de Ortegal e Aveiro, como *atar* (o aparello), que no galego do

⁹ §3418 'Crepúsculo vespertino' (Barriuso 2002: 344). Nas Figueiras-Castropol e en Ortigueira-Coaña Barriuso rexistrou *asexo* e en Tapia de Casarego *acexo*, mentres que en El Porto-El Franco só anotou *atardecer* e *escurecendo*. En Lluarca a forma de Barriuso é *serano*, mentres que en Alvar (1985: 1 471) é *aseo*, como nos restantes puntos de Asturias do mapa, onde non hai representación do Eo-Navia.

¹⁰ En Cariño dise *albor*, no Porto do Son *alborada* e en Rianxo e no Grove *lusada* (Fernández Rei 1999: 88-89).

¹¹ §3413 'Aurora' (Barriuso 2002: 343).

¹² Mapa 1126 'Alba' (Alvar 1985: 1 448-450) e §3412 'Alba' (Barriuso 2002: 343). No mapa de Alvar *alba* é o termo de L.1, L.2, C.1, C.5, C.6, C.7, C.9, P.1 e P.3, especificado como *alba do día* en C.4 (e en P.1). Outras formas son *alborada* (C.8), *amanexo* (C.1, C.2, P.2, P.3, P.4), *romper do día* (C.2) e *blancura do día* en P.4, mentres que na costa portuguesa próxima se anotaron formas semellantes ás galegas (*o clarão do día* e *a branca do día* en Port.1 e *albor* en Port.2 e Port.3). Entre o Douro e ata o Guadiana *madrugada* é o termo común. En tódolos portos de Asturias dise *alba* ese momento do día tanto en Alvar como en Barriuso.

¹³ Mapas 496 'Corcho del sardinal' e 442 'Pescadero, -a' (Alvar 1989: 3 1597-1599 e 1434-1436).

Cantábrico é *afeitar*, mesmo na costa eonaviega, fronte a *adobar* xeral no litoral asturiano entre o Navia e o Sella, xunto con *coser*, especialmente no asturiano occidental¹⁴.

Hai nomes exclusivos da costa galega, como *ollomol*, rexistrado desde Bares a Baiona. O nome deste peixe é *ghurás* na Guarda, que o lexema de toda a costa portuguesa ata que o substitúe *chopa* no Algarve oriental. Na Mariña de Lugo coñécese a forma *ollomol*, pero nesa costa o común é *besugo*, como no galego eonaviego e en asturiano¹⁵.

O mesmo pasa co termo *curuxo*, que é voz xeral para o peixe *Scophthalmus rhombus* entre Sada e A Guarda, fronte a *sollo* do Ortegal e da Mariña de Lugo e tamén de Viana do Castelo. No galego eonaviego rexistrouse *sollo* en Tapia, pero *rodabalo* nas Figueiras e a variante palatalizada *rodaballo* en El Porto e Ortigueira, que é o termo común en asturiano, onde nalgún punto porto se rexistra *suayo* e *sueyu*, e mesmo *soyu*¹⁶.

2. ÁREAS LÉXICAS DA FAUNA MARÍTIMA

2.1. Material e lenda dos mapas

O material léxico dos 69 portos da Gallaecia que figuran nos mapas procede de fontes diferentes. O da Mariña eonaviega (entre 1-Ortigueira e 4-As Figueiras) tirouse de Barriuso (2002) e o da costa galega, (entre 5-Ribadeo e 62-A Guarda), de Ríos Panisse (1977, 1983), que tamén ten nomenclatura de 4-As Figueiras¹⁷. No litoral portugués de entre o Miño e o Douro, o léxico de 63-Caminha tirouse de Ríos Panisse (1977, 1983); o de 64-Vila Praia de Âncora, 66 Castelo de Neiva e 67-Caxinas-Vila do Conde, de Vitorino (1987);

¹⁴ Mapa 506 'Remendar las redes' (Alvar 1989: 3 1627-1629) e §2039 'Reparar las redes, remendar' (Barriuso 2002: 191).

¹⁵ Vid. apartado 3.4.2 e mapa 15 *Ollomol*. Cf. Alvar (1989: 3), mapa *besugo* (1863-1865) e Barriuso (2002: 239, 2400).

¹⁶ Mapa 620 'Rémol *Scophthalmus rhombus*, *Rhombus levis*, *Botus rhombus*' (Alvar 1989: 4 1986-1988) e §2528 "Rémol *Scophthalmus rhombus*' (Barriuso 2002: 254).

¹⁷ Nos comentarios dos mapas, distingúirase 4a-As Figueiras e 4b-As Figueiras: o *a* indica que a fonte é Barriuso e *b* indica que a procedencia é Ríos Panisse.

e o de 65-Viana do Castelo, 68-Vila do Conde e 69-Matosinhos, de Alvar (1969)¹⁸.

Vitorino e Alvar presentan todo o léxico en transcripción fonética, mentres que Ríos Panisse o fai na ortografía normal do galego con algunhas convencións: indícase se as vogais tónicas de grao medio son de timbre aberto (baixas) ou de timbre fechado (altas); a *gbeada* represéntase co grafema <j> sen distingui-las diferentes realizacións que ten; o seseo márcase con <s>, sinalando que xeralmente a realización é predorsal; e non se marca o yeísmo, fenómeno frecuente entre a xente nova.

O material de Barriuso tamén está en escrita normal. Este autor representa o yeísmo, pero non marca o timbre das vogais medias dos 4 puntos do Eo-Navia, onde, como en calquera fala galega, hai distinción cualitativa nesas vogais. No material de Ríos Panisse de 4-As Figueiras non se marca o yeísmo, pero si a distinción de timbre nas vogais medias.

Dado que a maior parte do material non estaba en transcripción fonética, senón na grafía habitual do galego, na lenda dos mapas emprégase sempre a ortografía galega tanto nos termos galegos como nos portugueses, xa que dos 69 puntos unicamente 7 non son de fala galega, e o 63-Caminha xa figuraba adaptado á grafía galega nas citadas monografías de Ríos Panisse. Con todo, para tratar de mante-la información fonética das fontes orixinais e asemade usar unha mesma grafía para as formas galegas e portuguesas adoptei as seguintes convencións ortográficas:

a) As vogais de grao medio baixas márcanse con <è, ò> (*xurèlo*, *ollomòl*) e as altas con <e, o> (*cangrexo*, *solla*); se as baixas levan til en galego, márcanse con <ê, ô> (*nêcora*, *nôcara*); e se na fonte do material non hai indicación do timbre, indícase con <E, O> (*cangrExo*, *sOlla*).

b) A vogal <u> en posición final só aparece nos puntos de fala portuguesa. En Vitorino sempre é *-u*, en Alvar é *-u* e ás veces é un *-o* alto, polo que uniformei todo en *-u*, mesmo o material de 63-Caminha que en Ríos Panisse sempre aparece escrito *á galega*, con *-o*.

¹⁸ Para o léxico de Viana do Castelo, Vila do Conde e Matosinhos, ademais de Alvar (1989) consulte os cadernos de campo deses portos cubertos por M^a Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina; e en caso de discrepancia, a forma que figura na lenda é sempre a dos cadernos.

c) A gheada márcase do dígrafo <gh> (*lumbrighante*), sexa aspirada faringal ou fricativa velar a súa realización. Tamén se usa ese dígrafo nalgúns casos de castelanismos (*ghibia* ‘xiba’).

d) O seseo galego márcase con <s>, sen indicación da realización, que maioritariamente é lámino-alveolar. En formas portuguesas, o <S> ante vogal anterior e <Z> ante vogal posterior e ante <a> indica sonoridade (*buSiu*, *buZu* ‘boghina’). A realización, en principio, é fricativa lámino-alveolar.

e) A fricativa lámino-postalveolar sonora de termos portugueses márcase con <j> ante calquera vogal (*jerepití* ‘xoubiña’, *carangueju* ‘cangrexo’, *caramuja* ‘caramuxo’)¹⁹.

f) En galego e en portugués, <ch> representa sempre a africada prepalatal xorda (*chopo*) e <x> a fricativa lámino-postalveolar xorda (*xiba*). A desafricación xeral portuguesa márcase con <x> (*xixarru* ‘chicarro’); ás veces conviven a forma galega e a portuguesa (*chopu* e *xopu* ‘chopo’).

g) O uso de <v> e faise á galega. En todo caso, téñase en conta que nas falas portuguesas analizadas non existe a labiodental sonora, polo que o <v>, como en galego, representa unha bilabial.

h) Non se marca o yeísmo das falas galegas, porque en Ríos Panisse non está indicado; e cando se indica en Barriuso (*soya* ‘solla’), as formas eonaviegas aparecerán adaptadas á grafía galega (*solla*).

i) A nasalidade vogálica portuguesa márcase na lenda dos mapas (*biqueirãu* ‘biqueirão’ ‘bocarte’).

j) As grafías galegas <ll> e <ñ> (e non as portuguesas <lh>, <nh>) marcan a palatal lateral (gal. *lavañeira*, port. *navalleira* ‘nécora’) e a palatal nasal (*xoquiñu* ‘choquiño’).

k) A acentuación é a galega.

Os mapas levan como nome a forma galega habitual, nalgún caso dúas formas (a do Cantábrico e a das Rías Baixas, ou ben a do Muro coruñés e a do Berbés vigués), cando as dúas teñen unha clara distribución e son usadas popularmente as dúas. O nome do mapa acompáñase do nome científico tal como figura en Ríos Panisse, que ás veces non

¹⁹ En Ríos Panisse esa sonora do portugués aparece á galega en 63-Caminha en formas como *caranguexo*, *caramuxa* e outras. Tendo en conta que nos demais puntos da costa portuguesa é unha sonora nestes casos tamén figura como sonora no mapa; e o mesmo en casos como *bucio* ‘buguina’ de Caminha, que adaptamos co <S> para indicar que hai sonoridade (e non a interdental galega).

coincide coas outras obras. De tódolos xeitos, en nota indícase sempre a fonte de cada mapa e os nomes científicos de cada autor.

2.2. Un único tipo léxico

Tendo en conta o tipo de litoral e tamén a división administrativa (e lingüística) de todo o litoral da Gallaecia, na procura das posibles áreas léxicas, tiven en conta, en principio, as seguintes zonas:

- a) Mariña eonaviega (de 1-Ortigueira a 4-As Figueiras);
- b) Mariña galega (de 5-Ribadeo a 11-Viveiro);
- c) Ortegal (de 12-Bares a 16-Pantín);
- d) Golfo Ártabro (de 17-Mugardos a 23-A Coruña);
- e) Costa da Morte (de 24-Caión a 32-Lira);
- f) Rías Baixas (de 33-Muros a 59-Coruxo);
- g) Baixo Miño (de 60-Panxón a 62-A Guarda);
- h) Minho-Douro (de 63-Caminha a 69-Matosinhos).

En moitos dos comentarios dos mapas a referencia fareina á zona cantábrica, ó Golfo Ártabro, á Costa da Morte, ás Rías Baixas e ó Minho-Douro, porque ese é realmente o agrupamento de moito léxico, con independencia de que formas propias dunha zona aparezan de xeito illado noutra afastada.

Prescindindo das diferenzas fonéticas, que ás veces presentan unha clara distribución xeográfica, hai mostras dun tipo léxico maioritario na nomenclatura da fauna marítima. Con todo, a carón dese tipo maioritario poden aparecer en puntos illados tipos léxicos diferentes, que nalgún caso forma pequenas áreas. Os termos que a seguir analizo corresponden a catro invertebrados ('ourizo', 'lumbrigante', 'cangrexo' e 'xiba') e tres peixes ('quenlla', 'solla' e 'morea').

2.2.1. O *ourizo*

O equinodermo *Paracentrotus lividus* (mapa 1)²⁰ denomínase *arizo* na Mariña eonaviega, mentres que do Navia ó Sella, na costa de fala

²⁰ As fontes do mapa 1 son §11 '*Paracentrotus lividus* Erizo de mar' (Ríos Panisse 1977: 18-19), §2695 '*Erizo de mar Paracentrotus lividus*' (Barriuso 2002: 275), mapa 733

asturiana o xeral é *oricio* ou *oriciu*²¹. Desde 5-Ribadeo, nun extremo da Mariña galega, a 29-Muxía, en plena Costa da Morte, o termo é *orizo*.

A forma *ourizo* rexístrase desde 30-Sardiñeiro, aínda na Costa da Morte, ás Rías Baixas e Baixo Miño. Tamén é termo da costa Minho-Douro, onde as formas con *o-* deben ser innovacións por influxo do portugués padrón. Para distinguilo do ourizo do castiñeiro, nalgúns portos o nome presenta unha especificación (*ouriso de mar* en C-39 Ribeira, *ouriso do mare* en 54-Mogor, *ouriso bravo* en 35-Noia). En 30-Sardiñeiro rexistrouse, ademais, *cachauriso*, termo motivado pola semellanza co mamífero terrestre denominado *ourizo cacho* ou *ourizo cacheiro*. En Fisterra, preto de Sardiñeiro, rexistrei a forma *cachouriso*.

A forma latina ERICIUM é a orixe dos diversos termos galegos, con disimilación ou asimilación do *e-* inicial ó artigo *o* (*orizo*) como latina é a orixe do adxectivo *gacho*, *gacheiro* ou *cacheiro*, igual que o verbo *agachar*, de COACTARE ‘reunir, concentrar, apretar, forzar’, aínda que Corominas dá esta etimoloxía con certa reserva por ter que considerar que o gal-port. *agachar*, alto-aragonés *cachá* e catalán meridional *acatxar* serían castelanismo²².

2.2.2. O *lumbrigante*

O crustáceo decápodo *Homarus gammarus* (mapa 2)²³ ten como forma xeral *lumbrigante* en todo o litoral de fala galega. En 39-Ribeira é *lubrighante* e en 62-A Guarda é *lubighante*, variantes (con ou sen gheada) propias de portos entre 27-Laxe e 3-Tapia, na Mariña eonaviega, que nalgún porto do Golfo Ártabro e do Cantábrico teñen a concorrencia

‘Erizo de mar *Equinus*, *Paracentrotus lividus*’ (Alvar 1989: 4 2325-2327) e mapa 185 ‘Ourizo *Paracentrotus lividus*’ (Vitorino 1987).

²¹ A fonte do material léxico do Navia-Sella nos diferentes comentarios dos mapas é a mesma cuestión de Barriuso correspondente ó Eo-Navia; e no caso da costa portuguesa entre o Douro e o Guadiana a fonte é o mapa de Vitorino (1987) de onde se tira a información para o litoral Miño-Douro.

²² Corominas/Pascual (1980: s.v. *agachar*); Santamarina en Ríos Panisse (1977: 15-16).

²³ As fontes do mapa 2 son §26 ‘*Homarus gammarus* Bogavante’ (Ríos Panisse 1977: 31-34), §2608 ‘Bovagante *Homarus gammarus*’ (Barriuso 2002: 265), mapa 722 ‘Bovagante *Homarus vulgaris*, *Homarus gammarus*’ (Alvar 1989: 4 2292-2294) e mapa 169 ‘Lavagante *Homarus gammarus*’ (Vitorino 1987).

da forma castelá *bogavante*. En 1-Ortigueira é *llubrigante*, coa palatalización de *l*-propia de falas eonaviegas.

A designación única en todo o litoral portugués, desde a desembocadura do Miño á do Guadiana, é *lavagante*, con variantes como *navegante* en 69-Matosinhos, por etimoloxía popular (cruzamento con *lavar* e *nave* nestes casos).

A forma galega *lumbrigante*, a portuguesa *lavagante* e a castelá *bogavante* derivan, segundo Casares (1961: 25), de *LUPI-CANTHARUM, onde a parte primeira (LUPU) non se refire ó concepto ‘lobo’ senón ó de ‘tenaces’ como arma defensiva relacionada cos dentes do animal, polo que o nome deste invertebrado significaría CANTHARO ‘escaraballo de tenaces’²⁴. A etimoloxía popular explicaría a riqueza de variantes en toda a costa peninsular.

En galego tamén existen diferentes lexemas para este animal, como *langosta francesa* en 23-A Coruña; *grilo* en 21-Sada, por ter algún parecido con ese insecto; *chulo* en 29-Muxía, forma festiva, se cadra polo aspecto desafiante deste invertebrado; *cereixo* no Ortegal (15-Cedeira, 14-Cariño, 13-Espasante), posiblemente pola cor do viño do molusco comparable a algún tipo de cereixa; e *bugre* en 5-Ribadeo, que é como se denomina en portos asturianos como Xixón (xunto con *búguere*) e Tazonas. Esta forma, de orixe descoñecida, se cadra ten relación co portugués *burgau*, que designa varios moluscos gasterópodos mariños, e co castelán *burgado*, caracol terrestre de cor morena.

2.2.3. O cangrexo

O crustáceo decápodo *Carcinus maenas* (mapa 3)²⁵, ten como denominación xeral *cangrexo* desde a Mariña eonaviega á Guarda, que pode

²⁴ Para Corominas/Pascual (1980: s.v. *lobagante*) a orixe estaría no lat. vg. *LUCOPANTE, variante de *luciparta* para nomear o ‘lumbrigante’ nun autor latino do séc. v. Trataríase dunha deformación do grego *λυκοπάνθηρ* ‘onza, especie de pantera’, nome motivado polo aspecto agresivo que as súas enormes pinzas lle dan a este crustáceo. Vid. ó respecto as anotacións etimolóxicas de Santamarina (Ríos Panisse 1977: 32-33).

²⁵ As fontes do mapa 3 son §21 ‘*Carcinus maenas* Cangrejo común’ (Ríos Panisse 1977: 28-30), §2262 ‘Cangrejo común *Carcinus maenas*’ (Barriuso 2002: 267), mapa 725 ‘Cangrejo de mar *Carcinus moenas* [sic], *Carcinides moenas*’ (Alvar 1989: 4 2301-2303) e mapa 175 ‘Caranguejo *Carcinus maenas*’ (Vitorino 1987).

presentar especificacións: *cangbrexo ghallego* en 17-Mugardos, *cangrexo da pèdra* e *cangbrexo* [sic] *do rei* (id. dub.) en 25-Malpica²⁶. No sur das Rías Baixas e no Baixo Miño a forma común é a variante *caranguexo*. Ademais, na costa galega, esporadicamente, rexístranse formas en *-a*: *cangrexca* en 12-Bares, 28-Camariñas e 29-Muxía, *cancarexa* en 31-Ézaro e *caranquexca* (*da raña*) en 60-Panxón.

En todo o litoral portugués *carangueju* (e variantes fonéticas) é a denominación xenérica para un conxunto non determinado de especies, mais no caso do *Carcinus maenas* é a forma de uso máis frecuente. Tanto a forma portuguesa como a galega son empréstimos do castelán *cangrejo*, do latín CANCRUM ‘cangrexo’ + sufixo -ĬCTŪLUM. No Minho-Douro rexístranse, ademais, formas diferentes como *saicha* e *saixa* en 64-V. P. de Âncora, *pilado* 66-C. Neiva e *navalbeira pequena* en 67-Caxinas²⁷.

A forma *nácara* (variantes *nacra* e *anacra*), da mesma orixe que *nécora*, só se rexistrou en portos da Costa da Morte (24-Caión, 26-Corme, 27-Laxe e 32-Lira), mentres que *zampeña* é forma de portos do Cantábrico, da Mariña eonaviega (1-Ortigueira, 3-Tapia) e da Mariña galega (19-Burela). Na costa asturiana *zarampeño* é o ‘cangrexo’ en Ouviañana, entre Lluarca e Cuideiru, mentres que neste porto da Asturias occidental *zampeña* é a ‘nécora’. Descoñécese a orixe desa forma, se cadra, tal como indica Santamarina, ten relación con *zampar* ‘tragar avidamente’ ou con *zambo*.

Outras formas do litoral galego son *ghaiba* en 60-Panxón (id. dub.) e 22-Mera, que é a forma *jaiba* hispanoamericana para designar varios crustáceos²⁸; *lánguicho*, de étimo descoñecido, en 6-Rinlo; o castelanismo *ghabato* en 12-Bares e *vaca mona* en 21-Sada, pola semellanza cunha vaca sen cornos.

²⁶ A abreviatura «id. dub.» Indica que a identificación dun termo é dubidosa, mentres que cando unha forma se considere anticuada usarase a abreviatura «ant.».

²⁷ A *navalbeira* é a ‘nécora’ e *pilado* (cf. 3.4.4) é o ‘patelo’ ou ‘pateiro’ (3.4.5).

²⁸ En 62-A Guarda dise *ghaima* para o ‘cangrexo real’ *Calappa granulata* (Ríos Panisse 1977: 22). A *ghaima* de 29-Muxía (e a variante *ghaimito* de 30-Sardiñeiro) designa o ‘santiaguíño’ *Scyllarus archus* (Ríos Panisse 1977: 48).

2.2.4. A *xiba*

O molusco cefalópodo *Sepia officinalis* (mapa 4)²⁹ é *xiba* desde a Mariña eonaviega á ría da Arousa, con variantes orientais como *sibia* en 4a, 4b-As Figueiras e 5-Ribadeo e *xibia* en 2-El Porto, 3-Tapia, 4b-As Figueiras, 5-Ribadeo e 6-Rinlo, que é a forma común en asturiano.

No Cantábrico esa forma pode ter a concorrencia de *choco*³⁰, mentres no sur do litoral da Gallaecia, desde 49-Portonovo a 69-Matosinhos. É a única forma rexistrada por Vitorino e por Alvar no litoral entre o Douro e o Guadiana, aínda que en Alvar en Port.10-Nazaré anotouse *siva*. En 68-Caxinas, no Minho-Douro, anotouse a forma africada *chocu* e a desafricada *xocu*, que é a portuguesa moderna.

Na Costa da Morte rexístrase a variante *chopo*, que pode ser forma única ou concorrer con *xiba*, como nalgún porto da ría de Muros e da ría da Arousa. En 30-Sardiñeiro ten a concorrencia de *xubión* e *chubión*, que se cadra designan o tamaño grande, como o *xibón* de 10-S. Cibrao da Mariña galega. A *xiba arrabeada* de 18-Ares é a grande que, cando hai mar forte, sae á terra medio morta.

Xiba é a evolución da forma latina SĒPIA, e de orixe latina tamén debe ser *choco* e *chopo*. Entre outras consideracións etimolóxicas, Santamarina (Ríos Panisse 1977: 81) considera que podería ter relación con *choco* ‘ovo fecundado’, pero referido a comidas sería ‘pasado, non fresco’, xa que *choco* tamén se di do ovo podre que está descomposto. Neste caso podería ser resultado da elipse de *polbo choco*, porque a menor consistencia da carne da xiba fronte á do polbo xustificaría a denominación. Outra hipótese de Santamarina é a forma latina FLŌCCUS ‘floco’, que se xustificaría porque a aleta natatoria da xiba lembra un floco.

Igual que pode haber confusións entre os cefalópodos ‘lura’ *Loligo vulgaris* e ‘pota’ *Ommastrephes sagittatus*, que son parecidos pero diferentes, pois a ‘pota’ ten os raxos máis grandes e a carne máis dura, rexístranse confusión entre a ‘xiba’ e o ‘chopo’ *Sepioloa rondeleti*, tamén

²⁹ As fontes do mapa 4 son §76 ‘*Sepia officinalis* Jibia’ (Ríos Panisse 1977: 80-82), §2661 ‘Jibia *Sepia officinalis*’ (Barriuso 2002: 271), mapa 680 ‘Jibia *Sepia officinalis*, *Sepia filio-nxi*’ (Alvar 1989: 4 2166-2168) e mapa 136 ‘Choco *Sepia officinalis*’ (Vitorino 1987).

³⁰ En 1-Ortigueira anotouse o castelanismo *jibia* e a forma antiga *choco*.

moi semellantes pero diferentes. O parecido entre estes cefalópodos explica que na área de ‘xiba’ se achase *chopo* ou *choco*, ou que en 7-Foz para ‘xiba’ se anotase *lula*, onde para o *Loligo vulgaris* se rexistrou *calamar*, italianismo que en galego debe ser castelanismo.

Polo que respecta á ‘xiba’ pequena (mapa 4bis)³¹, na escasa información de que se dispón vese que se chama igualmente *xiba* (10-San Cibrao, 12-Bares, 29-Muxía) ou que se usan formas diminutivas como *choquiño* (54-Mogor, 60-Panxón, 62-A Guarda) ou *xuquiño* (64-V. P. de Âncora); pero no Golfo Ártabro e en portos veciños como 15-Cedeira e 24-Caión *choco* (ou *chopo*) é o termo da ‘xiba’ pequena fronte a *xiba* para o exemplar non pequeno. Na Mariña eonaviega en 4a, 4b-As Figueiras tamén é *choco* fronte *sibia*, igual que en 3-Tapia, onde a que non é cría é *choco* e *xibia*.

Na ría de Vigo anotouse o castelanismo *palomo* en 56-Cangas e *bufa* en 57-Cesantes, forma probablemente onomatopeica, de BUF, da que deriva *bufar*, se cadra por algún ruído que fai este cefalópodo.

2.2.5. A quenlla

O peixe escualiforme *Prionace glauca* (mapa 5)³² presenta un tipo léxico común entre o Navia e o Miño, cunha certa distribución das variantes fonéticas: *caella* (variantes *caEllo* en 1-Ortigueira, *canElla* en 3-Tapia e *caenlla* en 6-Rinlo) no Cantábrico; as formas contractas *quella* no Golfo Ártabro, no Ortegal (tamén *quèlle*) e desde o Morrazo á foz do Miño (en 57-Cesantes *caella* e *queilla*, en 62-A Guarda *quella*) e *quenlla* na Costa da Morte e nas Rías Baixas (en 43-Rianxo *quèña*), aínda que aquí pode concorrer con *quella* (47-Cambados, 56-Cangas e 58-Bouzas). Cando é grande en portos da Costa da Morte rexistrouse *quenllón* 24-Caión, 25-Malpica e 27-Laxe).

³¹ As fontes do mapa 4bis son ‘*Sepia officinalis* Jibia’ (Ríos Panisse 1977: 81-82), §2662 ‘Cría de jibia’ (Barriuso 2002: 271), mapa 681 ‘Cría de la sepia’ (Alvar 1989: 4 2169-2171) e mapa 136 ‘Choco *Sepia officinalis*’ (Vitorino 1987).

³² As fontes do mapa 5 son §214 ‘*Prionace glauca* Tintorera’ (Ríos Panisse 1977: 178-180), §2571 ‘Tintorera *Prionace glauca*’ (Barriuso 2002: 260), mapa 650 ‘Tintorera *Prionace glauca*, *Carcharias glauca*, *Glyphis glaucus*’ (Alvar 1989: 4 2076-2078) e mapa 121 ‘Tintureira *Prionace glauca*’ (Vitorino 1987).

Todas estas formas proceden do latín CANĪCŪLA, de onde veñen tamén as formas do asturiano occidental e central *canía* e do oriental *caella*, que é a galega do Cantábrico³³.

Na costa portuguesa, desde Caminha ó Algarve o xeral é *tintureira*, que corresponde ó castelán *tintorera*, termo derivado de *tintura*, e esta de *tinto*, participio de ‘tinguir’. A cor azul da pel deste peixe, que parece tinguida, é a motivación do nome da ‘quenlla’ en castelán e portugués. Esa cor azul motivou en portos galegos denominacións como *azul* en 15-Cedeira e o castelanismo *falanghista* no Golfo Ártabro (18-Ares e 19-Pontedeume), por lembrar a súa pel a cor da camisa dos falanxistas.

No Douro-Minho, en 64-V. P. de Âncora *tintureira* concorre con *galla*, que tamén se rexistra nalgúns portos do Douro ó Guadiana, ás veces como única forma. Termos semellantes á galega ‘quenlla’ só se rexistraron ben abaixo do Douro³⁴. O castelanismo *tintorera* (id. dub. En 14-Cariño) concorre coa forma galega nalgúns portos, aínda que en 38-Aguiño a única forma rexistrada foi *pinturera*, por cruce da forma castelá co verbo *pintar*.

Outros termos da costa galega son *quèlme* en 8-Cangas de Foz, que parece ser un arabismo co significado de ‘can’³⁵; *camarín* do Golfo Ártabro (21-Sada, 22-Mera), que é o catalanismo *camari*, composto de *ca* ‘can’ e *marí* ‘mariño’³⁶; *aquellerín* en 15-Cedeira, por cruzamento de *quèlla* (forma do Ortegá) con *cañarín* ou *cañerín*³⁷; e *mèlgha* (50-Raxó, 53-Marín; *mElgha* en 52-Canto de Area), en 15-Cedeira de orixe incerta.

³³ Pasado o Navia, en Puerto de Veiga e Lluarca dise *canea*, entre Cuiheiro e Tazones a forma é *canía*, que concorre con *caniya* en Lluanco e co castelanismo *tintorera* en Xixón, e na costa oriental, entre Llastres e Llanes dise *caella*, como nas falas galegas desde Bares (Barriuso 2002: 260, §2571).

³⁴ No mapa 650 de Alvar (1989: 4 2078) figura *quielbão* en Port.7 Praia de Mira, *quèlba* en Port.12 Peniche e Port.18 Setúbal e *caelba* en Por27 Vila Real de Santo António, na parte máis oriental do Algarve. No mapa 121 de Vitorino (1987) a única forma derivada de CANĪCŪLA é *caelba* en Monte Gordo, de V. R. de Santo António.

³⁵ A forma *quèlme* existe en falas españolas, portuguesas e árabes. En 4b-As Figueiras o hipercastelanismo *quèlme* é a denominación do peixe escualiforme *Etmopterus spinax*, que é o *gato* (*de mar*), *gata* (*de mar*) ou *peixe gato* (Rios Panisse 1977: 171-173).

³⁶ Este catalanismo *camarín* en 19-Pontedeume designa o ‘cazón’ *Galeus galeus* e o ‘cazón liso’ *Mustelus mustelus*.

³⁷ En 15-Cedeira o ‘cazón liso’ *Mustelus mustelus* chámase *cañarín* e *cañerín*, probablemente por cruzamento de *camarín* co castelán *caña* pola forma alongada deste peixe.

2.2.6. A *solla*

O peixe pleuronectiforme *Pleuronectes platessa* (mapa 6)³⁸ denomínase *solla* desde o Navia ó Douro, coa variante ditongada *suolla* en 67-Caxinas e coa forma especificada *solla de calidá* en 4a-As Figueiras. Na costa de fala asturiana o común é *sueya* ou *soya*³⁹, do mesmo xeito que do Douro ó Algarve *solha* é forma xeral. A orixe de ‘solla’ é o latín SŌLĒA ‘solla’ e ‘sola’.

Na costa galega, cando este peixe é grande dise *sollón* en 17-Mugar dos e 20-Miño; e cando a ‘solla’ é pequena denomínase *raspiso* en 35-Noia, derivado do xermanismo *raspar*, e *tapaconas* en 17-Mugar dos, pola forma plana deste peixe e doutros pleuronectiformes que motiva que a comparen cun testo.

Entre as denominacións galegas doutro pleuronectiforme, o *Arnoglossus laterna*, tamén hai formas con *rapar*, *rascar* e *tapar:rapapelos* e *tapaconas*, que son as denominacións máis extendidas, *rascona*, *tapacús*, etc.⁴⁰

2.2.7. A *morea*

O peixe anguiliforme *Muraena helena* (mapa 7)⁴¹ é a *morea* na costa galega entre 7-Foz e 62-A Guarda (*morèa* en 29-Muxía) coa variante *moreia* en 13-Espasante (no Ortegal) e na costa portuguesa entre Caminha e a zona de Aveiro, para logo ser *morea* (ou *amorea*) ata a desembocadura do Guadiana. En 5-Ribadeo e na costa eonaviega só se rexistrou o castelanismo (ou o

³⁸ As fontes do mapa 6 son §379 ‘*Pleuronectes platessa* Solla’ (Ríos Panisse 1977: 427-428), §2537 ‘Solla *Pleuronectes platessa*’ (Barriuso 2002: 255), mapa 622 ‘Platija *Platichthys flesus*, *Pentichthys flesus* *Pleuronectes flesus*, *Pleuronectes passer*’ (Alvar 1989, 4: 1992-1994) e mapa 104 ‘Solha *Platichthys flesus flesus*’ (Vitorino 1987).

³⁹ Barriuso (2002: 255) anotou *soya*, como na Mariña eonaviega, en Puerto de Veiga e Lluarca; *sueya* (e *suaya* en Cuideiro) de Ouviañana a Lluanco; *sueyo* en Candás; e *soya* de Xixón a Llanes (con *soyu* en Llastres e *sueya* tamén en Xixón).

⁴⁰ Para a etimoloxía de *raspiso* e *tapaconas* vid. Ríos Panisse (1977: 417-419). Na costa de Asturias, desde As Figueiras a Ribesella, a ‘meiga punteada’ *Zeugopterus punctatus* ten, entre outras, as denominacións *tapacona*, *tapacón*, *tapacoños* e *rapapelu*.

⁴¹ As fontes do mapa 7 son §257 ‘*Muraena helena* Morena’ (Ríos Panisse 1977: 236-237), §2556 (Barriuso 2002: 258), mapa 641 ‘Morena *Muraena helena*’ (Alvar 1989: 4 2049-2051) e mapa 117 ‘Moreia *Muraena helena*’ (Vitorino 1987).

asturianismo no caso da Mariña) *morena*, que nalgún outro porto galego concorre con *morea*. A forma procede do latín MURAEANA ‘morea’.

Quen visite o acuario de Punta Moreiras, en San Vicenzo do Grove pode contemplar nun dos tanques moitas ‘moreas’ da Costa da Morte, que persoalmente considero o máis impresionante dese acuario, por moito que o reclamo publicitario sexan as quenllas que alí hai.

2.3. Léxico propio das Rías Baixas

Os termos da fauna mariña poden presentar variedade léxica cunha certa distribución xeográfica, con formas “propias” das Rías Baixas coma ocorre con invertebrados como *caramuxo*, con peixes como *bocareu*, *xouba* e *rapante* fronte ós correspondentes *mincha*, *bocarte*, *parrocha* e *meiga* do resto do litoral de fala galega.

2.3.1. O *caramuxo* ou *mincha*

O molusco gasterópodo *Littorina littoralis* (mapa 8)⁴² presenta tres principais áreas léxicas: *caramuxo*, *mincha* e *bígaro*, que nalgún porto poden levar especificacións: *caramuxo bò* (54-Mogor), *caramuxa blanca* e *caramuxa negra* (30-Sardiñeiro), *caramuxa blanca* e *caramuxa fidalga* (36-Portosín), *mincha brava*, (19-Pontedeume), *mincha dulce* (24-Caión), *mincha francesa* (26-Corme), *bígaro negro* (4a-Figueiras), *bígaro negro* e *bígaro do fango* (5-Ribadeo).

Desde 69-Matosinhos, na desembocadura do Douro, a 26-Camarriñas, en plena Costa da Morte, rexístrase *caramuxo* e *caramuxa*, sendo a primeira *propia* das rías de Vigo, Pontevedra e A Arousa e a segunda *propia* da Costa da Morte e da zona miñota portuguesa, porque no litoral do Douro é *caramujo*, como en diversos portos entre o Douro e o Guadiana, sobre todo a partir de Peniche.

Variantes son *caramela* (62-A Guarda) e *caramecha* (42-Escarabote) con sufixos que indicaron diferentes graos da pequenez, tal como sa-

⁴² As fontes do mapa 8 son §101 ‘*Littorina littoralis* Mincha’ (Ríos Panisse 1977: 101-103), §2670 ‘Bígaro *Littorina littorea*’ (Barriuso 2002: 272), ‘Bígaro *Littorina littorea*’ (Alvar 1989: 4 2220) e mapa 152 ‘Caramujo *Littorina littorea*’ (Vitorino 1987).

lienta Santamarina (Ríos Panisse 1977: 23) cando analiza o étimo de *caramecha*:

Probablemente relacionado con *caramela* (nombre que también se aplica a un crustáceo), propiamente ‘cuerno de la cabra’, lat. CALAMELLUM ‘flautilla’. (Nótese que del cuerno de cabra se hacían *caramillos* antiguamente). De que estamos en lo cierto da prueba el hecho de que se llame *cornu*, *cornecho* [o cangrexo ermitaño], etc., en otros lugares. Los sufijos *-elo*, *-echo*, *-uxo* indicaron sin duda distintos grados de apreciación de la pequeñez.

Desde 27-Laxe, onde tamén se di *caramuxa*, ata 11-Viveiro a forma común é *mincha*⁴³, coa variante *minchara* en 12-Bares. No Cantábrico existen variantes como *bincha* en 3-Tapia e *mentiña* en 8-Cangas de Foz. Posiblemente *mincha* e *mentiña* teñan unha orixe común, do lat. MITĒLLA ‘mitra pequena’ ou ben de *MITŪLA con cambio de sufixo, de onde viría *mincha*, mentres que *mentiña* procedería dun pseudoprimitivo *MITA, *MINTA sobre *MITŪLA⁴⁴.

En portos da Mariña, desde 10-Burela a 1-Ortigueira, rexístrase *bígaro* e *bígara*, cun radical posiblemente de orixe non latina e cunha terminación que podería ser latina (de -ŪLUS), que se acha en palabras como *millara* ou *pígaro*. É posible que *bígaro* se relaciona co castelanismo *verigüeto*, termo posiblemente de orixe prerromano co que se designa en 4b-As Figueiras a *Phacoides borealis*⁴⁵. Na costa de fala asturiana, do Navia ó Sella, rexístrase *bígaro* e *mincha*, e cando hai as dúas esta considérase anticuada.

Outras formas para este molusco son derivados de *cornu*, como *cornecho* en 24-Caión, para designar unha variedade clara, e *corniño* en 29-Muxía; *chícara* en 6-Rinlo, de orixe descoñecida; *cuco* en 16-Pantín (id. dub.) e 22-Mera, probablemente relacionado con *coco* ‘verme’, o mesmo que *coco* do Ortegal e *cuco* de portos do Golfo Ártabro, termos cos que se designa o crustáceo ‘arneirón’ *Balanus balanoides* (cf. 2.5.3); *meiga* en 10-Burela (id. dub.), *freiriña* en Caminha, xunto con (es)*caramuja*; *mexacán* en 25-Malpica, que pode ser composto de *mexar* e *can* ou ben derivar de *ameixa de can* onde habería unha etimoloxía popular; e *buZo*

⁴³ En 39-Ribeira, na ría da Arousa, anotouse *caramuxo* e *mincha*.

⁴⁴ Vid. Santamarina (Ríos Panisse 1977: 97), que presenta outras etimoloxías para *mincha*.

⁴⁵ Vid. Santamarina (Ríos Panisse 1977: 95).

en 68-Vila do Conde, forma de orixe latina, que é a mesma forma coa que en 63-Caminha se designa a ‘buguina’ *Buccinum undatum* (cf. 2.6.2).

2.3.2. O bocareu ou bocarte

O peixe clupeiforme *Engraulis encrasicolus* (mapa 9)⁴⁶ coñécese como *bocareu* (ou *bucareu*) nas Rías Baixas e no Baixo Miño.

Entre 32-Lira, na Costa da Morte, e 1-Ortigueira, na desembocadura do Navia, *bocarte* (e a variante *mocarte*) é a forma propia, con algún caso illado de *bucareu* como única forma (31-Ézaro) ou ben en concorrencia con *bocarte* (18-Ares). En 11-Viveiro, na Mariña galega, só se anotou *mocareu*, mentres que en 27-Laxe, en plena Costa da Morte, concorren *macareu* e *mocarte*. E en 6-Rinlo, na Mariña galega, ademais de *bocarte* anotouse a forma antiga *pión*, pola semellanza do ‘bocareu’ coa *Atherina hepsetus*, a ‘piarda’ das Rías Baixas e ‘peón’ do Cantábrico e na Costa da Morte.

No litoral portugués, en 63-Caminha rexistrouse *bucareu*, como nas Rías Baixas e no Baixo Miño; pero a forma portuguesa do Minho-Douro *biqueirão*, que é tamén o termo do litoral do Douro ó Guadiana.

Tanto en Galicia como na Mariña eonaviega denomínase *anchoa* (port. *anchova*) o filete que se extrae do costado do *Engraulis encrasicolus*, despois de telo na moira en barrís de madeira, que logo se enlata como filete extenso ou enrolado⁴⁷. Trátase dunha forma xenovesa, que probablemente chegou ás linguas ibéricas a través do catalán, onde este peixe en conserva se denomina *anxova*.

Santamarina (Ríos Panisse 1977: 219-220) establece dúas familias etimolóxicas para a denominación deste peixe. Unha sería a formada polas variantes rematadas en *-arte*, como *bocarte* e *mocarte*, que poden ser empréstimo vasco, pois nesta lingua existe unha forma *bokart*, posiblemente un occitanismo, derivado do lat. *BŪCCA* e un sufixo *-art*, *-arde* abundante en falas francesas e suízas. O significado fai sempre

⁴⁶ As fontes do mapa 9 son §248 ‘*Engraulis encrasicolus* Boquerón’ (Ríos Panisse 1977: 218-221), §2364 ‘Boquerón, bocarte *Engraulis encrasicolus*’ (Barriuso 2002: 234), mapa 535 ‘Boquerón *Engraulis encrasicolus*’ (Alvar 1989: 3 1714-1716) e mapa 38 ‘Biqueirão *Engraulis encrasicolus*’ (Vitorino 1987).

⁴⁷ Ríos Panisse (1977: 219, nota 17), §3029 ‘Anchoa’ (Barriuso 2002: 307).

referencia a algunha característica especial da boca deste peixe, que no caso da forma *bocarón* de 21-Sada, onde concorre con *bocarte* e *mocarte*, aludirá á súa grande boca, como no castelán *boquerón* e portugués *biqueirão*.

A outra familia de formas, segundo Santamarina, parece que non se pode separar do gascón moderno *macarèn* e do francés *maquereau*, que é o nome da ‘xarda’ (*Scomber scombrus*). En galego aplicouse o galicismo á ‘anchoa’ (e non á ‘xarda’), polo que a forma *bocareu* e *bucareu*, variantes de *mocareu* e *mucareu*, pasaron a considerarse variantes de *bocarte*, con alternancia de sufixos.

2.3.3. A *xouba* ou *parrocha*

Outro peixe clupeiforme, a *Sardina pilchardus* denomínase *sardiña* na costa galega (port. *sardinha*) e *sardía* na Mariña eonaviega.

A sardiña de tamaño pequeno (mapa 10)⁴⁸ désignase con tres formas principais con cadansúa área léxica: (a) *xouba*, termo exclusivamente galego, é voz propia das Rías Baixas, Baixo Miño e parte da Costa da Morte; (b) *parrocha*, forma propia de todo o Cantábrico, mesmo da costa vasca, rexistrouse desde 27-Laxe á Mariña eonaviega como forma practicamente única, mentres que en portos da Costa da Morte e das Rías Baixas pode rexistrarse concorrendo con *xouba*, ademais de usarse na fala popular das rías para designa-lo órgano sexual feminino; c) *petinga*, termo propio de todo o litoral portugués, da costa miñota á do Algarve, mais tamén se anotou nalgún porto galego (C.24 Caión, 57-Cesantes). No Minho-Douro en 64-V. P: de Âncora a sardiña nova é *petinga* e a moi nova é *jerepetí*, mentres que en 67-Caxinas dise *sardiña miúda* para a nova e *petinga* para a moi nova. En 66-C. de Neiva para a nova úsase a voz *sarrilla*.

En 45-Vilaxoán, na ría da Arousa, ademais de *xouba*, *suoba* (sic, que debe ser erro por *souba*) e *xoubeta*, rexistráronse formas con ‘medio’: *media sardiña*, *medianiña* (con elipse de *sardiña*) e *medianillo* (por elipse

⁴⁸ As fontes do mapa 10 son §253 ‘*Sardina pilchardus* Sardina’ (Ríos Panisse 1977: 227-228), §2360 ‘Sardina pequena [*Sardina pilchardus*]’ (Barriuso 2002: 234), mapa 531 ‘Sardina pequena [*Sardina pilchardus*, *Clupea pilchardus*]’ (Alvar 1989: 3 1702-1704) e mapa 34 ‘Sardinha *Sardina pilchardus*’ (Vitorino 1987).

de *peixe*, posiblemente). En 49-Portonovo, na ría de Pontevedra, *medianilla*.

Santamarina (Ríos Panisse 1977: 220) buscou a orixe da voz *xouba* no ictiónimo latino CLŪPEA (posiblemente ‘zamborca’ *Alosa alosa*), cunha fase intermedia **choiba* que logo remataría en *xouba* por asimilación, semellante á de *noite* > *noute*. Baltar Veloso (2005) non pon obxeccións á parte fonética desta etimoloxía, pero sinala que no único texto da antigüidade clásica onde aparece es palabra non se nos fala dun clupeido, senón con toda seguranza dun tipo de lamprea que zuga o sangue no peleso do sollo xigante. Cabería sospeitar que «este hápax sexa unha variante vulgar de *chypens*, xeito de escudo redondeado que recorda a fasquía da boca do ciclóstomo. Polo cal, para fuxir do atranco soamente quedaría a argallada metodolóxica de amañar un segundo **clupea* homógrafo do documentado».

Segundo Baltar cabe a posibilidade de que a orixe de *xouba* sexa un adxectivo de color, substantivado despois con perda do substantivo aparelado en sintagma, tan produtivo na formación de novos substantivos. Dun latín falado (*sardina*) **flauva* pasaríase a unha forma **chouba*, da que saíría *xouba* por mor dunha desafricación non allea ó galego como confirman os dobles ictionímicos *choco/xoco* ou *choupa/xoupa*. E engade:

No tocante ó lero semántico, o peixe que primeiro foi chamado así debe de ser o mesmo que os naturalistas alcumaron de *Sardinella aurita* (Valencienne), madia leva pola franxa de intensa color amarela que recorre o seu corpo por arriba e que desaparece axiña en canto morre fóra do mar. Pola semellanza dunhas con outras, andando o tempo valería para designar a varias especies da súa familia, e soubo salvarse da xeneralización do ictiónimo concorrente *sardiña* limitándose a servir de nome deses individuos cando pequenos (do que temos un paralelo en inglés, que dispón de *pilchard* e *sardine* segundo tamaños).

Para Baltar, esta proposta a sobrevivencia dunha forma latina vedraña desaparecida noutras partes ou unha innovación posterior. O primeiro nada tería de particular polo arredamento do noroeste peninsular, o que permitiu gardar arcaísmos léxicos; o segundo tampouco, «xa que a lingua aprendida non engruñou a capacidade inventiva dos falantes. Por iso, como os cardumes do tal peixe andan máis nas nosas costas atlánticas do que no Mediterráneo, votaría por unha creación de cuño galaico».

Na hipótese de Baltar (e na de Santamarina) habería que explicar a desafricación de *chouva*, porque en galego non se dá ese fenómeno propio do portugués centro-meridional. Non vale como argumento a existencia de dobles ictionímicos *choco/xoco* ou *choupa/xoupa* que cita Baltar, porque *choco* e *choupa* son formas do litoral galego, con conservación sempre da forma africada, mentres que as desafricadas *xocu* e *xoupa* corresponden a Caminha, no litoral miñoto portugués (Ríos Panisse 1977: 80-83, 298-299). Nese porto da foz do Miño, igual que en toda costa portuguesa da Gallaecia o tradicional deberon se-las formas galegas coa africada, que logo foron desprazadas polas desafricadas propias do portugués estándar. Con todo, nalgún porto pode convivilo termo tradicional e o moderno, como ocorre en Caxinas-Vila do Conde coas formas *chocu* e *xocu* para a ‘xiba’ (cf. 3.2.4).

O termo *parrocha* posiblemente sexa da familia de adxectivos como *parròlo*, *parrèlo* ou *parramèlo*, que en galego se din de árbores, mesmo de persoas, de pouca altura. De ser así, segundo Santamarina (Ríos Panisse 1977: 220) *parrocha* derivaría da palabra *parra* (referida á vide). Corominas non dubida que se trate dunha forma galega, tendo en conta que *parrocha* aparece en Sarmiento, que a documenta en Santiago no canto da *xouba* de Pontevedra e do *bucareu* de Viveiro, e que tamén se documenta en Cornide e Valladares. Sobre a orixe, suxire que podería estar relacionada coa forma galega *parrulo* ‘pato’, que no portugués trasmontano é *parro*, *parra* (Corominas/Pascual 1981: s.v. *parro*). Para Santamarina, semanticamente é menos verosímil que *parrocha* se relacione con *parrulo*.

Tamén é descoñecida a orixe de *petinga*, posible empréstimo dunha lingua moderna, pois o radical *PITT- indica tamaño pequeno en voces coma o francés *petit* ‘pequeno’ ou o vasco *pitin* ‘moi pequeno’⁴⁹.

2.3.4. O rapante ou meiga

Para designar o peixe pleuronectiforme *Lepidorbombus boscii* e *Lepidorbombus whiff-jagonis* (mapa 11)⁵⁰ empréganse formas de *rapar* (ou

⁴⁹ Para o étimo de *parrocha* e *petinga* vid. as anotacións de Santamarina (Ríos Panisse 1977: 220, 228).

⁵⁰ As fontes do mapa 11 son §375b ‘*Lepidorbombus boscii*, *Lepidorbombus whiff-jagonis* Lliseria’ (Ríos Panisse 1977: 421-422) e §2531 ‘Gallo *Lepidorbombus whiff-jagonis*’ e

compostos con este verbo) ou ben *meiga*, nome tomado da voz ‘meiga’, se cadra pola figura grotesca deste peixe.

Nas Rías Baixas coñécese como *rapante* e, en menor medida, por *rapapelo(s)*, con algunha outra variante como *rapapote* en 62-A Guarda. Tamén se rexistra nalgúns portos do Cantábrico: en 11-Viveiro dise *rape* e *rapaconas*, pero desde 9-Burela a 2-El Porto anotouse *rapapelo(s)*, como nas Rías Baixas.

A forma *meiga* é propia do Golfo Ártabro e do Ortegal, pero coñécese na ría de Muros e Noia, na Costa da Morte e no Cantábrico onde concorre con formas con *rapar*⁵¹ ou ben co castelanismo *gallo* (galeguizado en *galo* en 31-Ézaro, 27-Laxe e 18-Ares), nome motivado polo feito de este peixe ter na cabeza unha cresta lonxitudinal que lembra a dun galo. Na Mariña eonaviega dise *rapapelo*, pero en 1-Ortigueira anotouse *gallo*, posible asturianismo, xa que é forma común en portos da costa entre o Navia e o Sella, concorrendo ás veces con *rapapelo* e *soya* (ou *sueya*).

De uso moi minoritario son formas compostas con *tapar* (*tapaconas* en 27-Laxe, 42-Escarabote); *ollón* de 46-Vilanova e 54-Mogor (e o castelanismo *ojito* en 5-Ribadeo), que fai referencia ós ollos grandes deste peixe; *simón* en 21-Sada, forma xocosa a partir dun nome propio que rima con *sollón*; e *solha avessa* ‘solla má’ en 63-Caminha⁵².

2.4. Léxico propio do Cantábrico

Na costa da Gallaecia, o Cantábrico pode presentar léxico característico, mais non de xeito exclusivo, tanto na nomenclatura de peixes (*chicharro*, mapa 12) como na das aves mariñas (*pata*, mapa 16). Ás veces o termo en galego é exclusivo da Mariña luguesa e eonaviega, caso de *andarica* (mapa 17).

§2533 ‘Lliseria *Lepidorbombus bosci*? (Barriuso 2002: 254-255). Non hai mapa en (Alvar 1984) nin en (Vitorino 1987).

⁵¹ En 25-Malpica rexistrouse *rapa*. *Rapapelos* de 9-Burela é de identificación dubidosa.

⁵² Non temos datos dos outros puntos portugueses. Na costa asturiana centro-oriental hai portos onde se denomina *gallo*, pero tamén *soya* (Llanes).

2.4.1. O *xurelo* ou *chicharro*

Nas falas galegas do Cantábrico, desde 14-Cariño a 1-Ortigueira o peixe escombriforme *Trachurus trachurus* (mapa 12)⁵³ denomínase *chicharro*, como nos portos que van do Navia ó Bidasoa. Se é de tamaño grande (mapa 13) o termo propio destas falas galegas do Cantábrico é *chicharrón*, que ten como concorrente a voz *abisinio* en 12-Bares e 7-Foz (ant.), que se debeu poñer cando a guerra de Abisinia⁵⁴. E se é de tamaño pequeno (mapa 14) dise *chicharrín* na Mariña eonaviega e *chicharrillo* en portos galegos do Cantábrico oriental. En 11-Viveiro, na parte occidental da Mariña galega, anotouse *chincho*, que no Ortegale ten como concorrente *chicharrillo* (12-Bares) e *picarrabo* (13-Espasante, 14-Cariño)⁵⁵.

A orixe de *chicharro* para Corominas/Pascual (1980: s.v. *chicharro*) podería relacionarse con *chicharra*, nome do insecto que tamén se coñece en galego como ‘carricanta’ e ‘cigarra’. Sen descartalo, Santamarina (Ríos Panisse 1977: 357) considera que a orixe podería relacionarse con nomes de paxaros formados sobre a onomatopea TSÍÍ ou CHÍÍ, ou ben considerar que a orixe está nunha forma bretona, que a través do francés *chinchard* pasou ás linguas do Cantábrico coas adaptacións fonéticas

⁵³ As fontes dos mapas 12, 13 e 14 son §343 ‘*Trachurus trachurus* Jurel’ (Ríos Panisse 1977: 358-363), §2462 ‘Chicharro, jurel *Trachurus trachurus*’, §2463 ‘Chicharro grande’, §2464 ‘Chicharro de tamaño medio’ (Barriuso 2002: 245), mapa 597 ‘Jurel *Trachurus trachurus*, *Caranx trachurus*’ (Alvar 1989: 4 1917-1919) e mapas 81a ‘Carapau (adulto) *Trachurus*’, 81b ‘Carapau (jovem) *Trachurus*’ e 81c ‘Carapau (muito jovem) *Trachurus*’ (Vitorino 1987). Estes tres mapas refírense xenericamente ás especies *Trachurus trachurus* e *Trachurus picturatus*.

⁵⁴ Outros conflitos bélicos orixinaron nomes de peixes como *coreano* en 4b-As Figueiras (íd. dub.) para *Gadus aeglefinus* ou o *israelita* en 32-Lira para *Trachurus picturatus*. Conflitos bélicos tamén deron lugar a denominacións festivas de barrios de casas baratas na beiramar, como o de Corea en Vilanova da Arousa (nas Sinas) ou o de Katanga no Grove (por Meloxo).

⁵⁵ En 9-Burela rexistrouse *muchunguito*, de resonancia hispanoamericana, e *cirila* en 4b-As Figueiras. Barriuso (2002: 245, §2466) tamén rexistrou *cirila* neste porto, pero como “chicharro de cría”. O nomeu débéselle dar cando estaba de moda o cantar “La Cirila”, nome expresivo e que lembra o de *chicharrillo*. Un semantismo parecido cando o nome dun baile brasileiro, *carioca*, se difundiu por Galicia e acabou usándose para designa-lo tamaño pequeno da ‘pescada’ *Merluccius merluccius*, posiblemente porque cando ese peixe sae da auga dá saltos que á xente do mar lles lembraban os movementos do baile da *carioca* (Ríos Panisse 1977: 359, 403).

pertinentes: gascón *chichar* e *chichàrrou*, vasco *txitxarro*, asturiano, galego e portugués *chicharro*, onde se perdería o *n* por cruce con *chicharra*. Se é así, o termo *chincho* para o ‘chicharro’ pequeno sería unha retroformación sobre o bretonismo *chincharro*, antes de cruzarse con *chicharra*. Crearíase un termo para o pequeno por considerarse que *chincharro* era un aumentativo.

Na costa que vai de 15-Cedeira a 62-AGuarda a forma común para designa-lo *Trachurus trachurus* é *xurèlo* (e variantes)⁵⁶, do lat. vg. *SORÉLLUS, derivado de SAURUS ‘xurelo’. Pode ter como concorrente o castelanismo *xurel* e nalgún porto da ría da Arousa (42-Escarabote, 46-Vilanova) o termo concorrente é o *chicharro* do Cantábrico. En portos da Costa da Morte (24-Caión, 26-Corme, 27-Laxe) e en 56-Cangas denomínase *xurelo sardiñeiro* (e *sardiñeiro* en 17-Mugardos e 43-Rianxo) porque o *Trachurus* de tamaño medio ten unha talla semellante á da sardiña.

Cando é de tamaño grande denomínase *xurela* no Golfo Ártabro⁵⁷, mentres que nas Rías Baixas úsanse, entre outras, formas como (*xurelo*) *moscón*, que non fai referencia a mosca grande, e *canen*, de orixe descoñecida⁵⁸. Nalgún outro porto cando o *xurelo* é grande tamén se diferencia cunha especificación: *xurèlo da choca* en 24-Caión e 17-Mugardos, en referencia a que cando é grande acode á costa para desovar; *xurèlo troto* en 60-Panxón e *xurèlo da bôla* en 15-Cedeira. Neste porto concorre co termo *xurelón*, coa terminación de *chicharrón* do Ortegaleira e da Mariña cantábrica.

Desde A Guarda a Viveiro, xa no Cantábrico, cando este peixe é de tamaño pequeno (mapa 14) ten como forma xeral *chincho* e variantes como *chinbín*, *pincho* e *pinchiño*⁵⁹. Tamén se rexistran, esporadicamente, termos como *chicharro* (18-Ares e 32-Lira); *pirulí(n)*⁶⁰ (45-Vilaxoán);

⁵⁶ A variante *xurillo* de Vigo é un invento (Ríos Panisse 1977: 362).

⁵⁷ En 21-Sada, *xurela ghallegba* ou só *ghallegba*, con perda do nome. Neste caso o adxectivo indica que é o peixe común. Especialmente en crustáceos o uso de adxectivos como *francés* alude a un peixe ou crustáceo de inferior calidade.

⁵⁸ Para os posibles étimos de *canen* e *moscón* e *canen* vid. Ríos Panisse (1977: 368 e 360).

⁵⁹ A voz *pincho* pode ser *chincho*, que por etimoloxía popular se cruza con *pincho*, porque o ‘xurelo’ ten na primeira espiña dorsal unha espiña apuntada cara adiante.

⁶⁰ Posiblemente se trate de formas como *pírola* ou *pilurico*, cruzada con *pirulí*, caramelo en punta introducido nun pau (Ríos Panisse 1977: 360).

manoliño (35-Noia, 32-Lira e Santiago de Tal, cerca de Muros), do antropónimo *Manuel*, moi abundante hai anos; *quincón* (45-Vilaxoán)⁶¹ e *xixí* (26-Corme, 27-Laxe e 29-Muxía), deformación hipocorística de *xirelo*. O de tamaño moi pequeno é *alcarròba* en 56-Cangas.

Sen especificar tamaño, en 63-Caminha, na parte portuguesa da foz do Miño, Ríos Panisse documentou a forma galega *surelo* e as formas portuguesas *carapau*, de orixe descoñecida, e *xeiramanècus*, co verbo ‘cheirar’ como primeiro elemento. Esta forma (e variantes) designa o ‘carapau’ novo e, sobre todo, o moi novo en falas do Minho-Douro e nalgunhas falas despois do Douro, e supoño que o mesmo ocorrerá en Caminha.

Por outra parte, na costa portuguesa (e non só no Minho-Douro) tamén se coñece a forma *chicharro* propia do Cantábrico, especialmente para o ‘carapau’ adulto. Eis os datos do Minho-Douro que fornece Vitorino (1987) atendendo, respectivamente, a tamaño adulto, novo e moi novo:

64-V. P. de Âncora *surelu, xixarru, carapau / xaramanècu / jaquinzinbu, carapau de gato*

66-C. de Neiva *surelu / garapau, carapau / garapau, carapau*

67-Caxinas *xexarru, garapau / xexarru, xixarru / xaramanècu.*

Vemos que nestes portos existe *carapau* (ou *garapau*), que en Âncora é o grande, pero tamén o pequeno cunha especificación (*carapau de gato*). En Neiva é o novo e moi novo, mentres que en Caxinas é o grande.

2.4.2. O *ollomol*

O peixe perciforme *Pagellus centrodontus* (mapa 15)⁶² denomínase co posible occitanismo *besugo* nas falas galegas do Cantábrico, igual que na costa asturiana, cántabra e en portos vascos.

⁶¹ Santamarina (Ríos Panisse 1977: 360-1) considera que probablemente é despatalización de *chinchón* (‘chincho’ grande). Na creación da forma entraría, de xeito humorístico, o nome *Quincón* do gorila que hai tempo se exhibía en feiras da Galicia Atlántica.

⁶² As fontes do mapa 15 son §292 ‘*Pagellus centrodontus* Besugo’ (Ríos Panisse 1977: 280-282), §2400 ‘Besugo *Pagellus centrodontus*’ (Barriuso 2002: 239), mapa 579 ‘Besugo *Pagellus centrodontus*’ (Alvar 1984: 1863-1865) e mapa 74 ‘Goraz ‘Besugo *Pagellus bogaraveo*’ (Vitorino 1987).

Desde 14-Cariño, no Ortegal, ata 40-Panxón, no Baixo Miño, rexistrouse *ollomol*, composto de ‘ollo’ e ‘mol’, porque este peixe ten ollos grandes, abultados e brandos. Rexistrouse tamén nalgún porto da Mariña galega (8-Cangas de Foz, 10-San Cibrao), ó igual que hai *besugo* en puntos de *ollomol*, seguramente por castelanismo.

Na foz do Miño, o *Pagellus centrodontus* de tamaño normal é *ghurás* na parte galega (62-A Guarda), mentres que na parte portuguesa (63-Caminha) dise *gurás* para o pequeno. No mapa de Alvar, onde non se especifica o tamaño, practicamente en toda a costa portuguesa este peixe se denomina *goraz*, ás veces *goraz de pinta*, agás no Algarve oriental, onde se di *chopa*. A orixe de *goraz* (e *burás*) podería estar no lat. VORACEM ‘voraz’, tal como indica Meyer-Lübke. Como esta hipótese non é congruente semanticamente, Santamarina (Ríos Panisse 1977: 266) sinala que podería relacionarse co vasco *gorats* ‘avermellado’ porque o ‘ollomol’ ten esta coloración, ou ben con verbo *gorar* ‘emitir certos ronquidos o porco’, xustificable no caso do *Dentex dentex* ‘dentón’ (e ‘burás’) polos ronquidos que este peixe dá cando o sacan da auga, o que fai que en Portugal se lle chame *roncador*.

A forma *portuguesa* úsase nas Rías Baixas e zona da Costa da Morte próxima para designa-lo mesmo peixe cando é de tamaño pequeno (mapa 15bis⁶³): *ghurás* en 30-Sardiñeiro e 34-Abelleira, *ghras* 32-Lira e 34-Abelleira e *ghras* en 31-Ézaro; *burás* en 36-Portosín, 42-Escarabote, 43-Rianxo, 46-Vilanova, 47-Cambados, 48-O Grove, 49-Portonovo, 57-Cesantes e 58-Bouzas.

A denominación *panchós*, ás veces concorrendo con *burás*, é propia da ría da Arousa e de portos veciños da ría de Muros e Noia, mentres que *pancho* se documenta desde a desembocadura do Eo á ría de Vigo, mesmo en portos arousáns. Na Mariña eonaviega é *pancheta* en 3-Tapia e 2-El Porto, *besuguete* e *pancho* en 4-Figueiras⁶⁴. O termo *pachán*, relacionado co galego *pachán* ‘gordo, repoludo’ é exclusiva do Baixo Miño (60-Panxón, 62-A Guarda) e do Minho-Douro veciño, onde se di *paxão*, con desafricación, que esporadicamente se rexistra do Douro

⁶³ As fontes do mapa 15bis son §292 ‘*Pagellus centrodontus* Besugo’ (Ríos Panisse 1977: 280-282), §2402 ‘Besugo joven’ (Barriuso 2002: 239), mapa 580 ‘Cría del besugo’ (Alvar 1989: 4 1866-1868) e mapa 74 ‘Goraz ‘Besugo *Pagellus bogaraveo*’ (Vitorino 1987).

⁶⁴ *Besuguete* en Barriuso e *pancho* en Ríos Panisse.

ó Guadiana. Na costa miñota tamén se rexistra o diminutivo *guraZiñu* (64-V. P. Ancora).

Polo que respecta á forma *panchós*, segundo Santamarina (Ríos Panisse 1977: 224 e 267), o radical debe ser un vasquismo, pois o en euskera *pantso* é cría do ollomol, e a terminación *-ós* poida que se trate da terminación diminutiva *-ó* (lat. *-ŌLUM*) e non dun sufixo. A forma sería *panchó* en singular e *panchós* en plural, de onde sairía un plural hipercharacterizado *panchoses* (cf. *reises* ou *cafeses*), que é o normal actualmente, co que *panchós* quedou libre para o singular. En 35-Noia rexistrouse *panchó* e *panchós* para o singular.

Outros termos da costa galega para o ‘ollomol’ pequeno son o humorístico *pantufo* (57-Cesantes); o expresivo *tildere* (44-O Carril), se cadra en alusión ós coletazos do peixe fóra da auga; e *rabuña* (14-Cariño) para o máis pequeno, posiblemente relacionado con *rabuñar* (ou con *rabo*).

2.4.3. O corvo (*mariño*)

En falas galegas do Cantábrico a ave mariña *Phalacrocorax aristotelis* (mapa 16)⁶⁵ denomínase *pata* en 7-Foz, 9-Burela, 11-Viveiro (e *pato* en 3-Tapia), que pode especificarse cun adxectivo relatino ó mar: *pata mariña* en 11-San Cibrao (pl. *patas mariñas*) e *pata maría* en 4a, 4b-As Figueiras e 5-Ribadeo (pl. *patamarías*). Non se rexistra ese termo na costa asturiana entre o Navia e o Sella, pero si nalgún porto galego non cantábrico: *pata* en 32-Lira e 33-Muros e *pato* en 18-Ares, xunto con formas compostas como *sichapata* en 32-Lira (de ‘cichar’ e o feminino de ‘pato’), e *patarroxa* en 57-Cesantes (id. dub.), co adx. *roxca*.

No Ortegal e en portos do Golfo Ártabro dise *coca*, posiblemente porque o longo pescozo desta ave se asocia coa *coca*, figura lexendaria en forma de serpe.

Desde 64-Caminha a 22-Mera, no Golfo Ártabro, a forma xeral é *còrvo* (só *corvu* en Caminha), con posibles especificación relativas ó mar:

⁶⁵ As fontes do mapa 16 son §‘*Phalacrocorax aristotelis* Cormorán moñado’ (Ríos Panisse 1983: 31-33) e §3318 ‘Cormorán moñado *Phalacrocorax aristotelis*’ (Barriuso 2002: 331).

(*corvo de mar, do mar, mariño, marino*) ou ó pescozo (*c. de pescoso largo* en 56-Cangas). Nalgún caso denomínase coa forma fememina: *corva* en 34-Abelleira e o castelanismo *cuerva* en 20-Miño e 21-Sada. A forma non é descoñecida na falas galegas do Cantábrico: *corvo marín* en 1-Ortigueira e *corvaraxo* en 6-Rinlo, cun sufixo despectivo⁶⁶.

Na fachada atlántica, ademais dalgúns rexistros de *pata* xa sinalados, rexistráronse outros termos: *canilonga* en 54-Mogor e 62-A Guarda, composto de ‘cana’ e ‘longa’ pola semellanza do pescozo da ave cunha cana; *ghalo mariño* en 55-Bueu, porque o moño deste peixe na época de celo lembra a crista dun galo; e *alavanco* en puntos do Barbanza (36-Portosín e 38-Aguiño), que é o nome doutra ave, ‘ánade real’ *Anas platyrhynchos*, que tamén deu nome a algún peixe, como *lavanco*, denominación do *Labrus bimaculatus* en 47-Cambados e 48-O Grove. Trátase do peixe coñecido como *gaián* no galego do Cantábrico.

Outras formas rexistradas fan referencia ó ‘can’, caso de *cuço* e *cuçoveyo* (2-El Porto), que é denominación para no Eo-Navia e zona galega próxima. Tamén se refiren a un ‘carneiro’, caso do humorístico *perico xambullo* (19-Pontedeume, id. dub.), en referencia ó carneiro novo (ou *perico*) e ó xeito en que como se mergulla o ‘corvo mariño’. E hai algunha forma onomatopeica, como *chíscala* (15-Cedeira), seguramente relacionada con *chiscar*, polo ruído que a ave fai cando se mergulla para pescar (Ríos Panisse 1983: 32).

No mapa non hai datos do Alto-Minho, entre 44-V. P. de Âncora e 69 Matosinhos, porque non hai mapa do *Phalacrocorax aristotelis*, pero si dunha ave semellante *Phalacrocorax carbo*, aínda que é de tamaño algo maior. No mapa 742 de Alvar (1989: 4 2352-2354) a *Pb. carbo* denomínase *corvu* en 69-Matosinhos e *marraca* en 68-Vila do Conde⁶⁷, derivado de *marrã* ‘porca que deixou de mamar’ ou ‘ovella de pouca idade. No mapa de Vitorino só empeza a documentarse en Peniche, onde se denomina *galbeta*; pero entre Cascais e o Guadiana dise *pato de mar* e, sobre todo, *corvo mariño*.

⁶⁶ Entre o Navia e o Sella, nas falas asturianas hai diversas formas, entre outras, *cuervu* (*marín*) e formas con *cagar* (*pucagón, cagón, cagoche*).

⁶⁷ Non hai resposta en Port.1Viana do Castelo (66 no noso mapa) e tampouco hai resposta nos puntos do Minho-Douro do mapa 192 ‘Corvo marinho *Phalacrocorax carbo*’ de Vitorino (1987).

A forma *cormorán*, de moito uso no galego literario, é un castelanismo, do francés *cormoran*, alteración do fr. antigo *cormarenc*, composto da forma antiga *corp* ‘corvo’ e do adxectivo *marenc* ‘mariño’, como o galego *corvo mariño* (Corominas/Pascual 1980: s.v. *cuervo*).

2.4.4. A *nécora*

Hai formas exclusivas do Cantábrico, coma a forma *andarica* para nomealo crustáceo decápodo *Portunus puber* (mapa 17)⁶⁸ na Mariña galega e na Mariña eonaviega. En asturiano, entre o Navia e o Sella, tamén se emprega este termo, que é derivado do verbo *andaricar*, frecuentativo de *andar*. Outras formas para *nécora* que só se rexistraron no Cantábrico son *cabrela* en 7-Foz, *empeña* en 6-Rinlo e *zampeña* en 8-Cangas de Foz (id. dub.). Esta forma, que Barriuso rexistrou en concorrencia con *andarica* en Cuideiro, na costa de fala asturiana, é de orixe descoñecida; se cadra relaciónase con *zampar* ‘comer con avidez’ ou co castelanismo *zambo* ‘trenco’, e poida que *empeña* se relacione con ela. A *cabrela* é unha metáfora polos movementos áxiles da ‘nécora’, coma se fose unha cabra.

Nas Rías Baixas, na Costa da Morte, no Golfo Ártabro e no Ortegal este crustáceo denomínase *nécora*, con variantes como *nocra* (48-O Grove) ou *nacra* na Costa da Morte (25-Malpica, 29-Muxía, 30-Sardiñeiro –den. ant.–, 32-Lira). Na Mariña galega concorre coa citada *andarica*, aínda que nalgún porto como 11-Viveiro só se rexistrou *nécora*, moi probablemente termo galego de orixe prerromana e non un arabismo⁶⁹. En 15-Cedeira anotouse *chiquito*, termo motivo polo tamaño, e tamén en 16-Pantín, neste caso en concorrencia con *nécora*.

No Baixo Miño, en 60-Panxón, a forma *nécora* concorre con *lavañeira*, que foi a forma rexistrada en 28-Camariñas e tamén en 62-A Guarda. Na outra beira da foz do Miño, 63-Caminha presenta a forma *navalheira*, igual que nos demais portos do Minho-Douro, que é a forma máis anotada en toda a costa portuguesa.

⁶⁸ As fontes do mapa 17 son § ‘*Portunus puber* *nécora*’ (Ríos Panisse 1977: 46-47), §2624 ‘*Nécora* *Macropipus puber*, *Portunus puber*’ (Barriuso 2002: 269), mapa 727 ‘*Portunus puber*, *Portunus corrugatus*’ (Alvar 1989: 4) e mapa 177 ‘*Navalheira* *Macropipus corrugatus*’ (Vitorino 1987).

⁶⁹ Sobre as hipóteses etimolóxicas de *nécora* vid. Santamarina (Ríos Panisse 1987: 24).

A *lavañeira* da Guarda e a *navalbeira* de Caminha son a mesma palabra. Para Santamarina (Ríos Panisse 1987: 46) a forma primitiva debeu ser *navalleira*, derivada de *navallo* ‘poza’, posiblemente por andaren con frecuencia nas pozas cando devalaba; ou poida que teña relación co termo *navalla* (*Solen vagina*) porque a ‘nécora’ se alimenta de moluscos coma este. Paréceme máis atinada a segunda hipótese. O galego *lavañeira* é unha etimoloxía popular por cruzamento co verbo *lavar*.

2.4.5. O *patelo* ou *pateiro*

O crustáceo decápodo *Polybius henslowi* (mapa 18)⁷⁰ denomínase *pato* entre 12-Bares e 7-Foz, termo exclusivo das falas galegas do Cantábrico, que fai referencia ó corpo aplastado deste animal. É o adxectivo *pato* ‘aplastado’ de onde procede *patela*, a cesta plana para o peixe que usaban mariñeiros e peixeiros, e formas como *patelo*, *patexo* e *pateiro* coas que se coñece o *Polybius Henslowi* desde a desembocadura do Sella asturiano á costa miñota portuguesa.

O termo *patelo* é *propio* dos extremos da costa da Gallaecia, xa que se rexistra na Mariña galega e eonaviega (coa forma asturiana occidental *patiello* en 1-Ortigueira), na ría da Vigo (e Baixo Miño próximo) e no Minho-Douro, onde convive coa forma *pilado*, que se rexistra en toda a costa de Portugal, mentres que a forma “galega” *patelo* só se usa na costa miñota, en 64-V. P. Ancora e 66-C. de Neiva, pois en 67-Vila do Conde xa é o *pilado*, que nos portos anteriores debe ser forma moderna.

A voz *patexo* é *propia* da costa que vai de 15-Cedeira a 25-Malpica, pero tamén se usa no oriente da Mariña galega e noutros portos do litoral da Gallaecia. O termo *pateiro* é termo da ría de Muros (e da veciña 32-Lira) e da ría da Arousa (e do veciño 50-Raxó)⁷¹. Nalgún punto desas rías (33-Abelleira, 44-O Carril) o *pateiro* convive coa forma *patilado*, que se rexistra, sobre todo, na ría de Pontevedra. Este termo (e afíns) vén dun composto antigo *pati-lado* ‘pata ancha’, que se foi transformando cando desapareceu do galego o adxectivo *lado* ‘ancho’.

⁷⁰ As fontes do mapa son §41 *Polybius Henslowi* (Ríos Panisse 1977: 44-46), §2627 ‘Patelo *Polybius henslowi*’ (Barriuso 2002: 267) e mapa 183 ‘Pilado *Macropipus puber*’ (Vitorino 1987).

⁷¹ En Vigo *pateiro* designa o xogo da billarda ou estornela.

Na costa de fala asturiana, entre o Navia e o Sella, rexístranse as formas ‘patelo’ e ‘patexo’, as máis estendidas do litoral da Gallaecia: *patiello* desde Puerto de Veiga, pasado o Navia, ata Ouviañana; *patexu* (ou *patexa*) desde Cuidieiru a Tazones; e *patelu* de Llastres a Llanes, no litoral oriental de Asturias⁷².

Na Costa da Morte (25-Malpica, 27-Laxe) e na costa miñota portuguesa (64-V. P. de Âncora) tamén se designa co termo *cangrexo*. E en 31-Ézaro (id. dub.) anotouse *paleta*, derivado do castelanismo *pala* pola referencia ó último par de patas.

Nalgúns portos das Rías Baixas denomínase *ghaiba*. En 47-Cambados a forma que recolleu Ríos Panisse foi *pateiro*; pero a carón desta forma moi común, dada a abundancia no mar da Arousa dese crustáceo que tanto se apañaba para fertiliza-las leiras, existen outros ‘pateiros’ menos abundantes, como a *ghaiba*, coas patas brancas, e o *patilate*, pequeneiro e escuro por arriba, que anda na flor da auga e que aparece mesturado coa sardiña cando se traballa co cerco de xareta⁷³. En 58-Bouzas tamén se chama *ghaiba* un pateiro abrancuzado⁷⁴, e se cadra tamén o é a *ghaiba* de 60-Panxón, que Ríos Panisse recolleu como dubidosa para o ‘cangrexo’(cf. 2.2.3)⁷⁵.

2.5. Léxico propio das Rías Baixas e da Costa da Morte

A nomenclatura da fauna mariña pode ser común ás Rías Baixas e á Costa da Morte. É o caso de peixes como *barbo* fronte a *salmonete*, de crustáceos decápodos como *boi* fronte a *noca* e *nócara* do Cantábrico e doutros crustáceos como o *arneirón*, que presenta diversidade léxica nas outras zonas. Xa vimos que termos de invertebrados (*caramuxo*) e de (*bocareu*, *xouba*, *rapante*) propios das Rías Baixas tamén se usan en portos da Costa da Morte.

⁷² §2627 ‘Patelo *Polybius henslowi*’ (Barriuso 2002: 267)

⁷³ Outro ‘pateiro’ menos abundante en Cambados é a *nécara francesa* (Cf. §44 *Portunus corrugatus* Ríos Panisse 1977: 47) ou *conquito*. Non ten a calidade nin o prezo da *nécara* (*Portunus puber*).

⁷⁴ Trátase dunha especie de «nécara ruín e pequenalla, abrancuzada, que se pon como tapa nos bares de Bouzas para petiscar», segundo información de Xosé Henrique Costas.

⁷⁵ Cf. nota 28 para a forma *ghaima* para designar crustáceos.

2.5.1. O *barbo*

O peixe perciforme *Mullus barbatus* (mapa 19)⁷⁶ denomínase *barbo* de xeito exclusivo nas Rías Baixas e a na Costa da Morte (e no Golfo Ártabro só en 21-Sada), coa variante *barbada* en 48-O Grove e en Ponte Beluso (Boiro). O termo é de orixe latina, de BARBUM, tipo de peixe, posiblemente da familia dos múlidos.

No resto do litoral da Gallaecia úsase *salmonete* (e variantes), que procede do francés *surmulet* ‘barbo’, que por etimoloxía popular se cruzou co nome do *salmón*. Na área de *barbo*, en portos illados *salmonete* convive con *barbo*, por interferencia do castelán moi probablemente⁷⁷.

O galicismo *salmonete* é a única designación para este peixe en toda a costa portuguesa. Na costa asturiana entre o Eo e o Navia só se anotou *salmonete*, que é xeral do Navia ó Sella, onde pode convivir con *saramollete*, que debe se-lo tradicional pois hai portos onde se considera forma antiga; e posiblemente *barbo* tamén se usaba antes da entrada do galicismo, pois en Llastres (na costa oriental asturiana) recolleuse *saramollete* e *barbo*, mentres que esta foi a única anotada en Ouviañana, entre Lluarca e Cuideiru⁷⁸.

2.5.2. O *boi*

O crustáceo decápodo *Cancer pagurus* (mapa 20)⁷⁹ denomínase *boi* na costa galega comprendida entre 62-A Guarda, na foz do Miño, e 17-Mugar dos, no Golfo Ártabro. Trátase da mesma palabra latina coa

⁷⁶ As fontes do mapa son 19 son §287 ‘*Mullus barbatus*’ (Ríos Panisse 1977: 275), §2384 ‘*Salmonete de fango Mullus barbatus*’ (Barriuso 2002: 237), mapa 549 ‘*Salmonete de fango Mullus barbatus*’ (Alvar 1989: 3 1756-1758) e mapa 50 ‘*Salmonete Mullus surmulletus*’ (Vitorino 1987).

⁷⁷ En 10-San Cibrao recolleuse *salmonete da pedra* para ‘*Mullus barbatus* *Salmonete de fango*’ e *salmonete de fangbo* para *Mullus surmulletus* *Salmonete de roca*’ (Ríos Panisse 1987: 275-277).

⁷⁸ §2384 ‘*Salmonete de fango Mullus barbatus*’ (Barriuso 2002: 237).

⁷⁹ As fontes do mapa 20 son §19 ‘*Cancer pagurus* *Buey de Francia*’ (Ríos Panisse 1977: 25-27), §2629 ‘*Buey Cancer pagurus*’ (Barriuso 2002: 268), mapa 726 ‘*Buey Cancer pagurus*’ (Alvar 1989: 4 2304-2306) e mapa 181 ‘*Sapateira Cancer pagurus*’ (Vitorino 1987).

que se designa o touro castrado que se emprega como animal de tiro, cunha acepción figurada debido á semellanza das patas do crustáceo coas astas do *boi*. Nalgúns portos a forma presenta especificacións como *do mar*, *de fondío*, *arrieiro* e, sobre todo, *de Francia*. Tamén se anotou *cáncamo* (60-Panxón) e *cangro* (58-Bouzas)⁸⁰, a forma *vaca* para a femia en 32-Lira e *vaca (de mar)* en 48-O Grove.

Desde 16-Pantín, na costa de Valdoviño, a 1-Ortigueira, na Mariña eonaviega, dise *noca* e *nócara* (e variantes), termo exclusivo desta costa, que é a forma *nécora* (e variantes) para designa-lo *Portunus puber*. Como xa se dixo, en falas do Cantábrico a ‘nécora’ denomínase *andarica* (cf. 3.4.4). No Ortegal e litoral próximo rexistrouse *noca* (13-Espasante, 12-Bares), *nouca* (14-Cariño), *noco* (14-Cariño, 15-Cedeira, 16-Pantín). A forma da Mariña eonaviega é *nocro* (e *noco* en 3-Tapia), mentres que na Mariña galega hai diversas formas, sempre co mesmo radical: *noca* (11-Viveiro), *nócara* (8-Cangas de Foz), *nocra* (7-Foz) e *nocla* (10-San Cibrao); *noco* (6-Rinlo), *nócaro* e *nocro* (5-Ribadeo). Na costa do centro de Asturias dise *ñocla* e no oriente *noca*, mentres que no asturiano occidental é *nuoclo* (e variantes) e *boroñón*, que tamén se rexistra no centro⁸¹.

No litoral portugués entre o Douro e o Guadiana o *Cancer pagurus* ten a denominación xeral de *sapateira*, termo que non se rexistrou no Minho-Douro. Nesta costa dise *carangueiju*, xunto con outros termos como *mancu*, *carneiru* e *burru*. Neste caso a motivación debe estar na semellanza das patas gordas do ‘boi’ coas orellas do burro.

Cando o ‘boi’ é pequeno, na costa galega anotáronse termos como *cagbón* (28-Camariñas), derivado de *cagar*; *chispolbo* (56-Cangas), poida que relacionado coa raíz onomatopeica CHIP, que orixinou a forma *chispa*, e coa forma *polbo*; e *raeiro* e *reeiro* (48-O Grove), derivado do peixe denominado *raia*.

⁸⁰ *Cancro* do lat. CANCRUM, e *cáncamo*, posible deformación de *cáncaro* por cruzamento con *cáncamo* ‘achacoso’ (Ríos Panisse 1977: 25).

⁸¹ Vid. §2629 ‘Buey *Cancer pagurus*’ (Barriuso 2002: 268).

2.5.3. O arneirón

O *Balanus balanoides* (mapa 21)⁸², ese diminuto crustáceo que cobre os cons e que se pega á obra viva dos barcos, denomínase *arneirón* entre 61-Panxón, no Baixo Miño, e 24-Caión, no litoral entre a Costa da Morte e o Golfo Ártabro.

A forma *arneirón* e as variantes *arneiro* (29-Muxía), *arneste* (49-Portonovo) e *arnesto* (56-Cangas) derivan do galego *arna*, voz que designa a casca de árbores como o castiñeiro, e de onde vén tamén o adxectivo *arnal* aplicado ó lagarto ou ó toxo. Á vista disto, Santamarina (Ríos Panisse 1987: 53) deduce que o significado primitivo de *arna* debeu ser ‘superficie rugosa ou agretada’, o que cadra co *Balanus balanoides*, polo que hai que descarta-las hipóteses etimolóxicas de ARĒNA e ARĒNARIUM.

Fóra das Rías Baixas e da Costa da Morte non se coñece o termo *arneirón*, pero documéntanse moi diversos lexemas para este crustáceo. No Ortegal e no Golfo Ártabro dise *coco* e *cuco*, respectivamente, que deben ser denominacións metafóricas relacionadas co *coco* ‘verme’. Neste litoral hai formas relacionadas coa ‘cuncha’, como o termo despectivo *cunchajo* (19-Pontedeume) e *craca* (15-Cedeira), que Santamarina (1977: 55) considera de posible orixe onomatopeica, polo ruído da cuncha cando se pisa. Isto podería valer se *craca* fose termo para crustáceos como o berberecho ou a ameixa, pero non para o ‘arneirón que non escacha, por moito que un o pise, cousa que máis ben se evita.’

Exclusivo do Cantábrico é o termo *raña* (6-Rinlo) e as formas especificadas como *raña del penedo* (1-Ortigueira), *raña da pena* (12-Bares, 7-Foz), *raña da pedra* (7-Foz). Esa voz ten que ver con *raña* ‘sarna’, porque os cons ou os barcos con este crustáceo parecen que teñen a sarna⁸³. Exclusivo da Mariña eonaviega e de falas galegas cantábricas é o termo

⁸² As fontes do mapa 21 son §52 *Balanus balanoides* (Ríos Panisse 1977: 53-55) e §2650 ‘Bellota de mar *Balanus balanoides*’ (Barriuso 2002: 270). Non hai mapa en Alvar nin en Vitorino.

⁸³ En 12-Bares tamén se di *roña do mar*, por cruce coa forma *roña* ‘cotra’. Santamarina considera esa forma posible empréstimo do castelán *roña* ‘sarna’ (Ríos Panisse 1977: 53-54).

cascarín, derivado de *casca*, que tamén se rexistra en falas asturianas entre o Navia e o Sella, xunto con termos como *cáscara*, *costra* e *sarna*⁸⁴.

Existen outras denominacións, rexistradas só nun porto: *barrenba* (63-Caminha), *boroeira* (36-Portosín), *caracul* (11-Viveiro), *carolo* (32-Lira), *chifre da pedra* (15-Cedeira), *sarrío* (22-Mera), *solbitincho* (33-Muros) e *subiote* (25-Malpica)⁸⁵.

2.6. Áreas léxicas de 'galadas' e 'buguina'

Nos mapas precedentes víase que, aínda sendo difícil delimitar áreas léxicas na nomenclatura da fauna marítima da Gallaecia, porque os termos *proprios* dunha franxa do litoral poden documentarse noutros puntos, nas denominacións de crustáceos e peixes (e nalgún caso de aves mariñas) existen termos do Cantábrico. Ás veces son termos exclusivos, que poden chegar ó Ortegal, de igual xeito que os hai característicos das Rías Baixas que polo norte poden chegar á Costa da Morte e ás veces polo sur poden chegar á costa portuguesa do Minho-Douro.

2.6.1. As galadas do peixe

As denominacións do órgano respiratorio dos peixes, tal como se ve no mapa 22⁸⁶, presentan unha clara distribución xeográfica, con diversas áreas ó longo da costa da Gallaecia, sen coincidir con reparticións léxicas que vimos en mapas anteriores.

Na parte oriental do Cantábrico o termo é *galaxa* (e variante *gallaxas* en 2-El Porto), xunto co asturianismo *galla* no Eo-Navia e en 5-Ribadeo. No Golfo Ártabro, no Ortegal e na Mariña galega occidental dise *gala*, que en 9-Burela convive con *galaxa* da Mariña oriental, en Viveiro con *ghaleta* e en 17-Mugardos con *ghalada*, que é a forma propia da Costa da Morte e das rías de Muros e da Arousa, desde 24-Caión a 48-O Grove.

⁸⁴ §2650 'Bellota de mar *Balanus balanoides*' (Barriuso 2002: 270)

⁸⁵ Para a etimoloxía destas formas vid. Santamarina (Ríos Panisse 1977: 54).

⁸⁶ As fontes do mapa 22 son §189 'Agallas' (Ríos Panisse 1977: 155-157), §2802 'Branquias' (Barriuso 2002: 286), mapa 522 'Branquias' (Alvar 1989: 3 1675-1677) e mapa 23 'Guelras' (Vitorino 1987).

Ademais de *ghalada*, no Grove rexístrase *ghèrla*, que a forma xeral ata 62-A Guarda, onde tamén se di *ghelra*, como noutros portos desa área costeira. O termo do litoral meridional de Galicia é o mesmo de todo o litoral portugués: nos portos do Minho-Douro dise *guelra* (e *gueurra*) e entre o Douro e o Guadiana a forma é *guelra* ou *guerla*.

Os termos *gala* (e derivados) e *guelra* deben estar emparentados, e a orixe debe ser a mesma do asturiano *galla* e castelán *agalla*, por referírense todas á mesma parte do peixe. Corominas/Pascual (1980: s.v. *agalla* II) indícase a posibilidade de que procedan dun derivado de GLANDŪLA, o que particularmente no caso do galego e portugués *guelra* sería unha cadea longa de máis para ser certa, tal como indica Santamarina (Ríos Panisse 1977: 156), que suxire a posibilidade de dúas palabras distintas para explicar *gala* e *guelra*:

Para la primera forma podría pensarse en el latín GALLA ‘agalla’; para la segunda en una forma paralela a la que se resolvió en *grelo*, *grilo* ‘yema, renuevo’ (...). Semánticamente también se les puede hallar un grado considerable de congruencia. En efecto, si tenemos en cuenta que las agallas son como una horcadura donde se bifurcan dos brotes de tronco no resulta difícil ver en ellas metafóricamente una *gala*, es decir una agalla, ou un *grelo* ‘renuevo’.

Outras formas rexistradas na área de *gherla* son *gharnela* (58-Bouzas, 60-Panxón) e *ghreleira* (53-Marín), derivadas de *ghelra*; en 56-Cangas, *barbilla*, do lat. BARBA, e *xèrla*, hipercorrección na forma con gheada *gherla*; e en 62-A Guarda, *gholdralleira* e *gholfeiras*⁸⁷ A forma *magba* de 53-Marín e 40-Palmeira parece dubidosa⁸⁸.

2.6.2. A *bugbina*

Non é tan clara a distribución do molusco gasterópodo *Buccinum undatum* (mapa 23)⁸⁹ a cuncha de caracol mariño grande, que furada

⁸⁷ Para os étimos destas formas da Guarda, vid. Ríos Panisse (1977: 256-257).

⁸⁸ Ríos Panisse (1977: 157) considera dubidoso o significado de *magba*, a pesar de que a fonte bibliográfica desta información «aclare en nota que fueron identificadas las branquias con los intestinos».

⁸⁹ As fontes do mapa 23 son §92 ‘*Buccinum undatum* Caracola’ (Ríos Panisse 1977: 94-96), §2675 ‘Caracola *Triton nodifer*’ (Barriuso 2002: 273), mapa 701 ‘Caracola *Triton*

pola punta, se pode facer soar soprando e que se empregaba para sinalizar o porto a barcos que andaban no mar con néboa. En Portugal usábase para chamar para o traballo os pescadores que vivían en aldeas próximas e mariñeiros da ría da Arousa tocábana cando despois de pescar se achegaba a terra firme, a aldeas, para avisar da chegada de peixe para a venda.

A forma das falas galegas do Cantábrico é *cornu*, que é o termo de 15-Cedeira, de portos da Costa da Morte, da ría de Vigo e do Baixo Miño, mentres que a variante *cornu* sé rexistrou na ría de Muros (33-Muros, 34-Abelleira).

A literaria *boguina*, que se rexistrou sempre con gheada (*bughina*), é propia do Golfo Ártabro, da Costa da Morte (en 28-Camariñase é *bughino*) e da ría da Arousa e dalgún porto próximo do norte (36-Portosín) e do sur desa ría (49-Portonovo). Esta forma (e *busina* de 55-Bueu, posible castellanismo) debe proceder do lat. BŪCĪNA ‘trompeta, corneta’⁹⁰.

No Minho-Douro dise *búSio* (e *buSu*), que é forma común en todo o litoral portugués do Miño ó Guadiana, aínda que no Algarve tamén se rexistra *buzina*, non descoñecida da costa norte. Ademais da forma portuguesa *búzio*, nos portos máis achegados a Galicia dise *còrnetu* (66-V.P. Ancora) e *curneta* (65-Viana do Castelo), derivados de *cornu*, igual que o *cornecho* de portos galegos (14-Cariño, 49-Portonovo).

Hai termos que na costa de Galicia só se rexistraron nun porto: *caracola* e *caricola* en 39-Ribeira, *calrou* en 25-Malpica, *trompeta* en 57-Cesantes e *apupo* en 62-A Guarda. Este termo é o nome que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial puxo ó seu boletín informativo *O Apupo*, en referencia a esa bughina de tanto uso nos barcos para avisar cando había néboa. Derívase da forma onomatopéica *apuppar*, literalmente ‘facer pu-pú’ con ese cornu, verbo que se emprega

variegatum (Alvar 1989: 4 2229-2231) e mapa 153 ‘Búzio *Buccinum undatum*’ (Vitorino 1987).

⁹⁰ Para Santamarina (Ríos Panisse 1977: 92) a orixe de *bujina* está, sin dúbida, na forma culta *bocina*, «aplicada a este caracol metafóricamente. El cambio -c- > -j- se explica por equivalencia acústica. En efecto, -j- aparece casi exclusivamente en zonas onde no hai [θ], por lo tanto, no queda más que la adaptación al fonema vecino o bien substituir [θ] por [s], que también suele darse». Para Corominas/Pascual (1980: s. v. *bocina*) a «chocante forma *boguina*» (e *buguina*) deben ser contaminación con *boga* (peixe) e *bogar* máis que con *bugallo*.

no galego común para berrar publicamente contra algo ou alguén, co fin de mostrar disconformidade. Aníbal Otero recolleu na Guarda *apupar* para «tocar o *apupo* desde terra para orientar os mariñeiros cando o porto está fechado de néboa» (Ríos Panisse 1977: 94).

3. TODO SE MOVE NO MAR

Calo Lourido (2004a) nunhas breves notas sobre a especificidade do home do mar en contraste co labrego, sinalaba que o mar é un elemento hostil e que o home só se fai mariñeiro cando carece doutra alternativa. Só os desamparados da fortuna, «os que non tiñan terras ou os que, como no caso dos galeses comentado por Carlos Marx, son expulsados delas teñen que colonizar a costa e se facer mariñeiros».

Partindo da mesma orixe —a terra—, despois de vivir no mar, a cosmovisión deste home cambiou totalmente verbo dos antepasados. A explicación deste cambio, segundo Calo, é «a influencia do medio físico no que agora desenvolve o seu traballo e os medios de produción (barcos e aparellos) que emprega». Mentres era labrador, a súa actividade desenvolvíase nun medio sólido, estable e estático; pero agora ese home ten que zafarse nun medio líquido, que é inestable e que sempre está en movemento. Todo se move, o propio mar, o barco, os aparellos, os peixes... «Nada é seguro, todo é cambiante e incerto e o mariñeiro, desde que decidiu entrar no mar, vivirá nun movemento perpetuo»⁹¹.

3.1. *Novos peixes, novos termos*

Peixes, aves e mamíferos mariños estanse movendo constantemente nas augas do mar. Moitas veces, sobre todo no caso dos peixes, con eles movéronse os seus nomes ou créronse novas denominacións, con gran diversidade terminolóxica, o que pode dificultar o establecemento de áreas léxicas. A isto hai que suma-la castelanización, que a través da venda do peixe ou do consumo nos restaurantes fai que unha forma como *lubina*, propia da costa de Cantabria e do litoral oriental

⁹¹ Neste traballo o autor sintetiza un traballo máis completo (Calo Lourido 2004b).

de Asturias, popularmente estea a despraza-los termos galegos *robaliza* (e *robalo* cando é grande), propios de todo o noso litoral; e o mesmo pode dicirse de *rape*, catalanismo que a través do castelán xa se estendeu por moitos dos portos de fala galega, onde concorre cos termos patrimoniais *rabada* e (*peixe*) *sapa*. E agora xa se oe falar de *parrochas* (e *parrochiñas*) en portos das Rías Baixas, cando esa voz era tabú, polo menos en portos do mar da Arousa, porque é termo familiar para designar o órgano sexual da muller.

O cambio climático está a facer que nas augas do Cantábrico os mariñeiros galegos e asturianos capturen especies de peixes tropicais insólitos hai anos, que hoxe nalgún caso xa conta con asentamento estable na costa, como ocorre co *pez ballesta*, que na década de 1970 era algo insólito. A comezos da década de 1960 collíase nos bancos do sur de Portugal un peixe exótico chamado *pez de San Pedro plateado*⁹², que hoxe xa chega ás frías augas de Irlanda. O *merlín*, asociado á pescaría do bonito, é un peixe caribeño que ata o 2003 pasado apenas se capturaba; pero agora barcos asturianos e galegos pescan numerosos exemplares. O *tarpón* é un peixe propio das augas de África, que pode medir ata dous metros e medio, do que se matou algún exemplar cerca de Llanes, na costa oriental de Asturias⁹³.

De momento, as correntes atlánticas de agua fría que chegan ás rías galegas fan que non enmallen eses peixes tropicais, polo que os mariñeiros non se ven obrigados a dárenlles un nome, pero iso é de momento. As inusuais augas cálidas que houbo no verán do 2004 en todo o litoral galego –e particularmente nas Rías Baixas, onde non houbo os tradicionais días de nordeste que garanten días de sol pero que á vez enfrían as augas–, fixeron que milleiros e milleiros de *angamarés* chegasen ás praias do interior da ría da Arousa nos meses de agosto e setembro, como ocorreu nas praias do Vao (Illa da Arousa) e do Terrón de Vilanova e, sobre todo, nas de Barraña (Boiro) e Compostela (Vilagarcía). A finais de setembro dese verán, cando as augas xa estaban frías, esas *xureleiras* que os mariñeiros de Cambados só vían de cando en cando pola ría, seguían chegando ó litoral arousán, como eu mesmo

⁹² O pez de San Pedro é o galego *samartiño* (*Zeus faber*), nome coñecido en todo o litoral galego (Ríos Panisse 1977: 262-264).

⁹³ Información tirada dunha reportaxe no xornal *La Voz de Galicia* (23.8.2004), p. 20.

comprobei⁹⁴. Quen remonte hoxe o curso do Ulla, desde O Carril a Pontecesures, irá acompañado de centos de augamares que soben coa marea e que baixan co devalo, que parece que xa se están asentando nesa zona e que supoño que acabarán sendo totalmente prexudiciais para a ameixa e o berberecho do rico banco marisqueiro dos Lombos do Ulla.

O estudo dos océanos permite descubrir dúas novas especies de peixes á semana⁹⁵. En 1953, en plena guerra de Corea, cando barcos do Gran Sol desembarcaron na Coruña un falso linguado, un peixe descoñecido e, nun principio, pouco valorado, a colla dese porto foi quen o bautizou como *coreano*, tal como recollen Piñeiro e Gómez (2004: 108) en *Homes de ferro en barcos de madeira*.

Cando un peixe descoñecido vai entrando nas redes, o mariñeiro acaba por lle poñer un nome, sobre todo se se comercializa, como pasou na década de 1990 cando a xente do Morrazo chamou *palmeta* o *Reinhardtius hippoglossoides* (francés *flétan noir*, *flétan du Groenland*) e *halabote* o *Hippoglossus hippoglossus* (francés *flétan de l'Atlantique*, inglés *halibut*) e o *Atheresthes stomias* (francés *flétan du Pacifique*, inglés *halibut*). Eran peixes descoñecidos no litoral galego ata que arrastreiros de Vigo expulsados das costas de Namibia comezaron a pescar, a moitísima profundidade, en augas internacionais próximas ás de Canadá.

Pouco despois, o secuestro do barco vigués *Estay* polo goberno canadense fixo que o galicismo *fletán*, co que no mundo francófono se coñecía ese peixe, se fixese moi popular en toda Galicia, porque *fletán* foi a forma dos media, mesmo dos vehiculados en galego, como a TVG e *A Nosa Terra*. Non se popularizaron termos galegos como *palmeta* e *halabote* dos mariñeiros e das empresas do Morrazo que conxelan eses peixes, porque a TVG non chegou a empregalos na súa información. E cónstame que ós responsables lingüísticos da TVG naqueles días da *guerra do fletán/palmeta, halabote* houbo quen, oralmente e por escrito, lles deu argumentos e información abonda para que evitasen o *castelanismo* e popularizasen as formas creadas pola nosa xente do mar.

⁹⁴ E no mes de novembro seguían chegando a Barraña e ás praias de Vilagarcía Cf. *La Voz de Galicia* (16.11.2004), p. 26.

⁹⁵ A finais de novembro do 2004 xa se descubriran 106 novas especies. Cf. *La Voz de Galicia* (16.11.2004), p. 44.

A entrada de castelanismos continúa mercé ós centros comerciais que nas súas peixarías venden *gallineta* e non *cabra* (ou *cabra da altura*) e outros peixes e mariscos con termos non galegos. E o mesmo pasa coas cartas dos restaurantes e coa información da prensa, factores de intensa desgaleguización de nomes da fauna marítima galega.

3.2. *Un mundo en total transformación*

A gran revolución que se deu nos métodos de pesca nas últimas décadas fixo que artes de pesca e de marisqueo e os barcos tradicionais cos que se faenaba se fosen transformando, mesmo desaparecendo, á vez que se perdía moito léxico tradicional asociado a ese xeito de vida no mar.

Xaquín Lorenzo (1962: 341, 352) explicou métodos tradicionais de pesca como a *ardora* («consiste en se guiare pola fosforescencia que provoca no mar o peixe ó rebulir») e o *tolñal* ou *mansío* («consiste en situa-lo peixe por meio da presenza doutros chamados *tolinos* ou *tolñños*, que persiguen ós primeiros e fanos rubir á tona do mar»). Tamén nos deixou escrito como se pescaba ó *caldeo*: bótase ó mar «unha boia e darredor dela déitase *engado* ou cebo, que prás sardiñas adoita ser *raba* –ovos de bacalláu misturados con farelos– ou *mazacote*, que son sardiñas pitadas [sic] na máquina de faguer chourizos». Desde hai anos as sondas e o GPS son os medios usados para detecta-los cardumes, polo que termos tradicionais como *ardora*, *caldeo* ou *raba* –aínda tan vivos na memoria dos vellos mariñeiros– refúxianse nos dicionarios, e algún como *ardora* é moi usado na linguaxe poética.

O mar é un elemento hostil e un só se fai mariñeiro cando non lle queda outra alternativa. O mundo do marisqueo e da pesca foi sempre monolingüe en galego: as mulleres que mariscaban nas praias, as que traballaban na conserva e as que vendían peixe nos mercados ou polas aldeas eran galegofalantes, como o eran os mariscadores a flote e calquera home que andase ó mar. No costado de leste do mar da Arousa (a «Arousa sur» dos políticos e xornalistas), polo que eu lembro, hai 40 anos era totalmente impensable que a xente que vivise do mar do mar lles falase en castelán ós seus fillos; e posiblemente se poida dicir o mesmo do resto do litoral, e tamén da xente labrega de toda Galicia.

Anos despois, nesa mesma costa (e supoño que sería o mesmo no resto do litoral) a xente do mar seguía sendo monolingüe galega, pero o insólito xa empezaba a ser que non lles falase castelán ós fillos, un castelán con frecuencia bastante *dramático*.

Isto explica que hoxe existan mariscadoras e regateiras noviñas que usan o castelán, alternando co galego, pero a súa lingua de instalación xa non é a galega. E no que respecta ós homes, a escaseza de xente da beiramar que queira traballar en certas artes explica que se procuren tripulantes fóra de Galicia, como fan os armadores do cerco de xareta de Cambados, que están a enrolar mariñeiros vidos do Perú, ou os armadores da Mariña de Lugo, que están a traer mariñeiros de Indonesia. Deste xeito, nun mundo sempre monolingüe galego como era o do mar, e particularmente no sector da pesca de baixura, hoxe xa hai mostras onde a tripulación galegófona é minoritaria, como ocorre en barcos do cerco de Cambados, algún dos cales tería que estar amarrado no peirao se non contase con peruanos e mesmo arxentinos fillos de galegos. E o mesmo pasa con barcos do cerco de Malpica e doutros portos.

A actual multietnicidade dos barcos do cerco e do pincho galegos foi noticia en todo o Estado español en febreiro do 2005 cando o naufraxio do *Siempre Casina*. Salvárase un tripulante de Burela (2º patrón), de onde era o barco, e morrera o resto da tripulación: o armador (1º patrón) e o cociñeiro, os dous de Burela; dous mariñeiros do Senegal, tres do Perú e un caboverdiano de Burela. Non é que desaparezan os mariñeiros galegos (e galegófonos) dos nosos portos, pero a xente procura non seguir a vida *escrava* do mar dos seus país. En Cambados, por exemplo, moitos que andarían ó cerco en primavera e verán e ó marisqueo no outono e inverno, prefíren ser profesionais todo o ano do marisqueo a flote (os *rañeiros*), porque é máis rendible economicamente, porque se traballa só unhas horas, e de día, ata te-lo tope permitido, mentres a xente do cerco traballa, en principio de noite, e sempre coa total incerteza do valor en lonxa do peixe, por non haber un tope mínimos desde hai tantos anos reclamados. Isto explica que, de cando en cando, en portos galegos se prefira tirar co peixe nos peiraos en sinal de protesta para denuncia-la difícil situación do mariñeiro de baixura.

Todo se move no mar. Hai anos os mariscadores a pé eran «na súa maioría mulleres ou agricultores da zona litoral, que compaxinan este

labor a tempo parcial, como axuda á súa economía», tal como aínda se pode ler nun dos paneis do marisqueo da sala do mar do Museo do Pobo Galego, que debería ser xa actualizado. Iso xa é historia, porque quen se achegue ó litoral galego en calquera momento do ano, tanto nas Rías Baixas como no Golfo Ártabro, verá mulleres andando á seca ou ben facendo labores *labregos*, como retirar argazo ou semear distintas crías de ameixa (fina, babosa, xapónica) ou de berberecho. Moitas pertencen a familias da beiramar, que sempre viviron do mar; pero tamén as hai que son do interior próximo con escasa ou nula tradición mariñeira. Con todo, quen non teña carné de mariscadora xa non pode baixar á praia a mariscar nas areas comunais que as mariscadoras labran todo o ano.

Polo que respecta ó home, o tradicional mariñeiro-cazador, como é o que anda á sardiña ou á anchoa co cerco de xareta ou á pescada e ó badexo coa arte do pincho, convive co mariñeiro-pescador que anda el só ós polbos ou a peixe de pedra e, sobre todo, co mariñeiro-labrador, do que son boa mostra os miles de *bateiros*, que para moita xente do mar nin son mariñeiros nin son pescadores. E con eles conviven os citados *rañeiros*, sobre todo en rías como a da Arousa, que son os novos mariscadores a flote, que traballan non cos tradicionais rastros de ferro cun cope de rede e varas de piñeiro (e de eucalipto), senón con *raños* co cope de ferro (e tamén de aluminio) e varas sintéticas, lixeiras e moi flexibles.

Por outra parte, como sinala Dionísio Pereira (2005: 343-344), no sector dos profesionais do mar comezan a diversificarse as fontes de riqueza, activando recursos relacionados coa revalorización de diversos aspectos da cultura e do patrimonio marítimo. Entre estas propostas está a das mariscadoras de Guimatur, de Cambados, «que achegan as faenas de marisqueo ós interesados con visitas guiadas ós bancos, combinadas con roteiros pola vila mariñeira de San Tomé nas que explican as características do urbanismo e a arquitectura popular propia dos asentamentos da beiramar». E na Confraría de Pescadores San Telmo, de Pontevedra, están a desenvolver un proxecto de turismo cultural «mediante a observación dos traballos do mar e a vida dos pescadores, facilitando o embarque e o aloxamento en vivendas mariñeiras a tódalas persoas interesadas».

Das diversas accións actualmente existentes para socializar e populariza-lo mundo do mar, a iniciativa máis elaborada é a denominada 'Mar de Lira', da Confraría de Pescadores de Lira-Carnota. Trátase

dunha ampla formulación de pesca sostible, coa que se quere crear e xestionar unha reserva mariña de interese pesqueiro e comercializa-lo peixe por internet. Asemade, o obxectivo desta iniciativa é «desvela-lo mundo da pesca e do mar ó conxunto da sociedade, contando coa colaboración dos propios mariñeiros, xubilados ou en activo».


REMATE

Na nomenclatura marítima galega cóntase con algunha monografía excelente, como *As embarcacións tradicionais de Galicia*, do antropólogo sueco Staffan Mörling (1989) que percorreu a costa de Ribadeo á Guarda, entre 1964 e 1967, cando moitos barcos de madeira estaban activos e outros en *desguace*, pero que aínda podían ser estudados de consulta imprescindible. Esa obra, que é a *biblia* para etnógrafos e antropólogos interesados no estudo dos barcos tradicionais, tamén é de sumo interese e utilidade para calquera lingüista preocupado polo léxico mariñeiro tradicional. Recentemente editouse *Lanchas e dornas* (Mörling 2005), versión galega do que fora a súa tese doutoral en inglés, onde o investigador sueco estuda as condicións de creación e mantemento ou a desaparición da lancha xeiteira e da dorna, dúas emblemáticas embarcacións do litoral galego.

A comezos da década de 1970, uns anos despois de que Mörling percorrese o litoral galego, Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina, investigadores do Instituto da Lingua Galega da USC, percorreron a maioría dos portos que hai entre As Figueiras de Castropol e Caminha, na foz do Miño fronte á Guarda, para facer inquéritos sobre a nomenclatura da flora e fauna marítimas de Galicia, á vez que cubriron os puntos galegos (e do Miño ó Douro) do *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares*, coordinado por Manuel Alvar (1985-89). Ese inxente labor, a pé de porto, permitiulles redactar dúas monografías sobre a nomenclatura da flora e a fauna marítimas de Galicia (Ríos Panisse 1977, 1983), unha especie de atlas que se complementa con detallados comentarios etimolóxicos das formas recollidas, e que tantas veces citei nas páxinas do presente traballo.

A pesar do labor feito sobre a cultura e o léxico mariñeiro nos últimos anos (Martínez Baleirón 2001), é moito o que queda por recoller.

Como xa se indicou, o mundo tradicional do mar dos galegos estase a transformar velozmente desde hai tempo, é un mundo en constante movemento, de igual xeito que se moven os cada vez máis escasos recursos mariños. Daquela, urxe, a pé de porto e a pé de praia, recoller moito do léxico e da nosa cultura mariñeira, especialmente léxico abstracto, que haberá que peneirar antes de o introducir nos dicionarios, como hoxe se peneiran as ameixas que as mariscadoras-labradoras arrincan das areas das praias para comprobar se dan a medida. Sería desexable que axiña entrasen en vocabularios e dicionarios galegos modernos termos como *bateeiro*, *rañeiro* e tantos outros de uso común na beiramar, que decote aparecen nos media; e o mesmo moitos outros que só existen a nivel oral.



Mapa 0. Relación de puntos

1 Ortigueira	21 Sada	41 Pobra do	58 Bouzas
2 El Porto	22 Mera	Caramiñal, A	59 Coruxo
3 Tapia de Casarego	23 A Coruña	42 Escarabote	60 Panxón
4 As Figueiras	24 Caión	43 Rianxo	61 Baiona
5 Ribadeo	25 Malpica	44 Carril, O	62 A Guarda
6 Rinlo	26 Corme	45 Vilagarcía de	63 Caminha
7 Foz	27 Laxe	Arousa	64 Vila Praia de
8 Cangas de Foz	28 Camariñas	46 Vilanova de	Âncora
9 Burela	29 Muxía	Arousa	65 Viana do Castelo
10 San Cibrao	30 Sardiñeiro	47 Cambados	66 Castelo do Neiva
11 Viveiro	31 Ézaro, O	48 O Grove	67 Caxinas
12 Bares, O Porto de	32 Lira	49 Portonovo	68 Vila do Conde
13 Espasante	33 Muros	50 Raxó	69 Matosinhos
14 Cariño	34 Abelleira	51 Combarro	
15 Cedeira	35 Noia	52 Canto de Area	
16 Pantín	36 Portosín	53 Marín	
17 Mugardos	37 Porto do Son	54 Mogor	
18 Ares	38 Aguiño	55 Bueu	
19 Pontedeume	39 Ribeira	56 Cangas	
20 Miño	40 Palmeira	57 Cesantes	



Mapa 1. Ourizo (*Paracentrotus lividus*)

- | | | | |
|---|----------------|---|-------|
| ● | ourizo | ● | orizo |
| ⊙ | ouriso | ⊙ | oriso |
| ● | ourisu | ● | orisu |
| ⊙ | auriso | ⊙ | òrisu |
| ● | euriso | ● | urizo |
| ▣ | ouriso de mar | ○ | uriso |
| ■ | ouriso do mare | ○ | arizo |
| ⊞ | ouriso bravo | | |
| ▣ | cachauriso | | |



Mapa 2. Lombrigante (*Homarus gammarus*)

- | | | | | |
|----------------|---------------|--------------|-------------|---------------------|
| ● lumbrigante | ● lubrigante | ● lubigante | ▲ lavagante | ■ langosta francesa |
| ⊙ lumgrighante | ● lubrighante | ● lubighante | ▼ lavagant | + cereixo |
| ● lumbricante | ⊙ lubricante | | ◆ navegante | ● bugre |
| ⊙ lombrigante | ⊙ llubrigante | | ★ bogavante | ● chulo |
| ● lombrighante | | | | ○ ghrilo |
| | | | | ⊙ ghrillo |



Mapa 3. Cangrexo (*Carcinus maenas*)

● cangrexo	● caranguexo	● canghrexo	◆ nácara	● piladu
⊙ cangrExo	⊙ caranguexu	● cancrexa	◆ nacra	⊕ ghaiba
● cancrexo	⊙ carangueixe	▣ caranquexa	◆ anacra	● saicha
⊕ candrexo	● carangueiju	● cancarexa		● saixa
⊙ canghrexo	● caraungueiju	■ caranquexa da raña		● lánquicho
● cranghexo	● carangaiju			⊕ ghabato
⊙ cangrEgho	● caranquexo			▲ zampeña
■ cangrexo da pèdra	⊕ carambExo			▼ zampEña
■ cangrexo do rei	⊙ caranghexo			● vaca mona
■ canghrexo ghallegho				⊕ navalleira pequena



Mapa 4. Xiba (*Sepia officinalis*)

- | | | |
|---------------------------|---------|--------|
| ● xiba | ■ choco | ◆ lula |
| ◐ xibia | ■ choen | |
| ◎ sibia | ◻ chòco | |
| ⊙ ghibia | ◻ chopo | |
| ● xiba arrabeada (grande) | ○ xoco | |
| ■ xibón (o grande) | ● xoén | |
| ◻ xubión | | |
| ◼ chubión | | |



Mapa 5. Xiba pequena (*Sepia officinalis*)

- | | | |
|--------|------------|----------|
| ● xiba | ■ choco | ● bufa |
| | ■ chòco | ● palòmo |
| | ■ chOco | |
| | ■ chopo | |
| | ■ choquiño | |
| | ● xocu | |
| | ● xuquiñu | |



Mapa 6. Quenlla (*Prionace glauca*)

- | | | | | |
|---------------------|-----------|--------------|--------------|---------------|
| ● quenlla | ● caenlla | ▲ tintoreira | ■ quèlme | ✚ falanghista |
| ● quèña | ● caèlla | ▼ tintureira | ✱ camarín | ● azul |
| ◎ quèlla | ● caella | ▶ tintorera | ◎ aquellerín | |
| ◎ quèlle | ● caElla | ▲ tinturèra | ◆ melgha | |
| ● quèlla | ● caEllo | ◀ tinturera | ◇ mElgha | |
| ● queilla | ● canElla | ▶ pinturera | ◆ galla | |
| ⊕ quenllón (grande) | | | ◆ gailla | |
| ⊕ canllón (grande) | | | | |



Mapa 7. Solla (*Pleuronectes platessa*)

- | | | |
|-------------------|--------------------------|------------------------------|
| ● solla | ⊙ sollón (tamaño grande) | ✚ tapaconas (tamaño pequeno) |
| ● sOlla | | ● raspiso (tamaño pequeno) |
| ⊙ suolla | | |
| ● sOlla de calidá | | |



Mapa 8. Morea (*Muraena helena*)

- | | | |
|---------|----------|-----------|
| ● morea | ⊙ morEia | ● morena |
| ● morèa | ● morèia | ● morènal |
| ⊙ morEa | ⊙ murcia | ⊙ morEna |



Mapa 9. Caramuxo, mincha (*Littorina littoralis*)

- | | | | | |
|----------------------|------------|-------------------|-------------------|------------|
| ○ caramuxo | ▲ cornecho | ● mincha | ● bígaro | ■ chícara |
| ● caramujo | ▼ corniño | ○ mincha brava | ○ bígaro de fango | ● cuco |
| ○ caramuxo bô | | ○ mincha dulce | ○ bígaro negro | ◆ meiga |
| ○ caramuxo de Ghesús | | ● mincha francesa | ■ bígara | ✚ freiriña |
| ● caramuxo de Van | | ✚ bincha | | ● mexacán |
| ■ caramuxa | | ◎ mínchara | | ✱ buZo |
| ■ caramuja | | ⊕ mintiña | | |
| ▣ escaramuja | | | | |
| □ caramuxa branca | | | | |
| ⊞ caramuxa negra | | | | |
| ⊞ caramuxa fidalgha | | | | |
| ◇ caramecha | | | | |
| ◆ caramèla | | | | |



Mapa 10. Bocareu, bocarte (*Engraulis encrasicolus*)

- | | | | |
|-----------|-------------|-----------|--------|
| ● bocarEo | ◆ bocarón | ● bocarte | ● pión |
| ⊙ bocareu | ▲ biqueirõu | ■ mocarte | |
| ● bocarèu | ▼ bicoirõu | | |
| ⊙ bocareu | ▶ biqueirãu | | |
| ● bocarèu | ◀ bicairãu | | |
| ▣ mocareu | | | |



Mapa 11. Xouba, parrocha (*Sardina pilchardus*)

- | | | | | |
|-----------|------------|-----------|-----------------|------------|
| ● xouba | ▣ parròcha | ◊ petinga | ● sardiña miúda | ★ sarrilla |
| ● xóiba | ▣ parrOcha | ◊ pitinga | ● media sardiña | ✚ jerepiti |
| ⊕ suoba | | | ▶ medianiña | |
| ⊙ xoubeta | | | ▲ medianilla | |
| | | | ▼ medianillo | |



Mapa 12. Rapante, meiga (*Lepidorhombus boscii*, *Lepidorhombus whiffjagonis*)

- | | | | | |
|-------------|----------|---------|----------|---------------|
| ○ rapante | ▲ meiga | ◇ ghalo | ◆ ollón | * sinón |
| ● rapapelo | ▼ meigha | ◆ gallo | ◆ oghito | ▼ solla avèsa |
| ○ rapapElo | | | | |
| ● rapapelos | | | | |
| ⊕ rapaconas | | | | |
| ⊕ rapacús | | | | |
| ● rapapòte | | | | |
| ■ rapa | | | | |
| ■ rape | | | | |
| ● rascón | | | | |
| ⊕ tapaconas | | | | |
| ⊕ tapacús | | | | |



Mapa 13. Xurelo, chicharro (*Trachurus trachurus*)

- | | | | |
|---------------------|-----------------------|-----------|----------------|
| ● xurelo | ◇ chicharro | ▲ carapau | ◆ xeiramanècus |
| ○ xorèlo | ◆ xixarru | ▼ garapau | ◆ xaramanècu |
| ● xurelo | ◆ xexarru | | |
| ⊙ xurElo | ◇ chicharro de puntas | | |
| ● xirèlo | | | |
| ⊙ xurèl | | | |
| ⊕ surèlo | | | |
| ⊕ surelo | | | |
| ■ xurèlo sardiñeiro | | | |
| ■ sardiñeiro | | | |



Mapa 14. Xurela, chicharrón (*Trachurus trachurus*)

- | | | | |
|-------------------|--------------|-----------|------------|
| ● xurèla | ◇ chicharro | ▲ carapau | ■ caneu |
| ● ghallegha | ◇ chicharrón | ▼ garapau | ✱ abisinio |
| ⊕ xurelo moscón | ◆ xixarru | | |
| ⊕ xirèlo moscón | ◇ xexarru | | |
| ⊕ moscón | | | |
| ⊙ xurèlo da bòla | | | |
| ⊙ xurèlo da chòca | | | |
| ● xurèlo da choca | | | |
| ● xurèlo troto | | | |
| ● xurelón | | | |
| ⊙ surèlu | | | |



Mapa 15. Chincho (*Trachurus trachurus*)

○ chincho	◇ chicharro	▲ carapau	■ xaramanècu	+ manolito
● chinchín	◇ chicharrillo	▼ garapau	▣ xarabanècu	● cirila
⊕ pincho	◆ chicharrín	▶ carapòu de gatu	■ saramanècu	⊕ muchunguito
⊗ pinchiño	◇ xixarriño			⊗ picarabo
				★ pirulí
				★ pirulín
				★ xixi
				● alcarròba
				▣ jaquínSiñu
				▼ quincón



Mapa 16. Ollomol (*Pagellus centrodonatus*)

- | | | | |
|-----------|------------------|------------------------|---------------------|
| ● ollomól | ◊ besugo | ■ gurás | ✚ panchôte (grande) |
| ⊙ ollumól | ◆ besugho | ⊕ gruás | |
| ● ullumól | ⋄ bisugho | ■ ghurás | |
| | ◊ besugho neghro | ■ gurás de pinta | |
| | | ⊕ gurás de pinta preta | |



Mapa 17. Ollomol pequeno (*Pagellus centrodontus*)

● burás	◇ panchó	▲ pachán	● besuquete
■ gurás	◇ pancho	▼ paxãu	✚ pantufo
■ ghurás	◆ panchós		● tildete
▣ ghras	◇ pancheta		* rabuña
⊠ ghrase			
▤ guraZiñu			



Mapa 18. Corvo mariño (*Phalacrocorax aristotelis*)

- | | | | | |
|---------------------------|---------------|--------------|--------------|-------------------|
| ● còrvo | ○ pato | ▲ cuzo | ◐ còca | ● alavanco |
| ◎ corvu | ● pata | ▼ cuzo vEllo | ◑ canilonca | ✚ ghalo mariño |
| ● còrva | ⊕ pata mariña | | ◓ canilongha | ● perico zambullo |
| ⊕ cuèrva | ⊕ pata maría | | | ✱ chíscales |
| ◊ còrvo mariño | ◎ patarroxo | | | |
| ✧ cOrvo marín | ◐ sichapata | | | |
| ◆ còrvo marino | | | | |
| ■ còrvo do mar | | | | |
| ◻ corvo do mar | | | | |
| ◻ còrvo do mare | | | | |
| ■ còrvo de mar | | | | |
| ◎ corvaraxo | | | | |
| ⊕ còrvo de pescoso largho | | | | |



Mapa 19. Nécora (*Portunus puber*)

- | | | | |
|----------|------------|--------------|------------|
| ○ nécora | ▲ andarica | ■ navalleira | ● cabrèla |
| ● nécora | | ▣ navallEira | ✚ chiquito |
| ⊙ nÉcora | | ■ navallaira | ◆ zampeña |
| ⊙ nécura | | ▤ navallèra | ✦ empeña |
| ⊙ nècra | | ▣ lavañeira | |
| ● nácora | | | |
| ● nácura | | | |
| ● nacra | | | |
| ⊕ nocra | | | |



Mapa 20. Patelo, pateiro (*Polybius enslowi*)

- | | | | | |
|------------|------------|-----------|----------|--------------|
| ● pato | ● patèlo | ● pateiro | ● parexo | ⊕ paleto |
| ■ patilado | ● patelo | ● poteiro | | ▲ cangrexo |
| ■ patilao | ● patElo | | | ▼ carangaiju |
| ■ patilato | ● patelu | | | ● pilada |
| ■ patilate | ⊕ patEllo | | | ◆ ghaiba |
| ■ patulato | ⊕ patEllu | | | |
| | ⊕ patiEllo | | | |



Mapa 21. Barbo (*Mullus barbatus*)

- | | |
|-----------|----------------------|
| ▲ barbo | ○ salmonete |
| ▼ barbada | ● salmonEte |
| | ⊕ salmunet |
| | ⊕ saumunet |
| | ⊕ salbuneti |
| | ⊖ sarmunete |
| | ○ saramonete |
| | ○ saramunete |
| | ○ sarabunete |
| | ○ salmonete da pedra |



Mapa 22. Boi (*Cancer pagurus*)

- | | | | | |
|------------------|----------|-------------------------|---------------|------------------------------|
| ● bòi | ▤ nòca | ✚ burru | ◆ carangueiju | ● caghón (tamaño pequeno) |
| ● bòi | ■ mouca | ▶ carneiru | ◆ carangueija | ✚ chispolbo (tamaño pequeno) |
| ● bòi do mar | ▣ nòco | ◆ vaca (a femia) | ✚ esqueiro | ▲ raciro (tamaño pequeno) |
| ⊕ bòi arrieiro | ▣ noco | ◆ vaca do mar (a femia) | ● cáncamo | ▼ reciro (tamaño pequeno) |
| ⊙ bòi de fondo | ▣ nOco | | ✱ cangro | |
| ☾ bòi de Francia | ○ nòcara | | ▼ mancu | |
| ☾ bòi de Francia | ○ nòcra | | | |
| ● bòi de Francia | ⊙ nòcla | | | |
| ● bòi de Francia | ● nocra | | | |
| | ◆ nòcaro | | | |
| | ◆ nòcro | | | |
| | ◆ nOcra | | | |



Mapa 23. Arneirón (*Balanus balanoides*)

○ arneirón	+ cascarín	■ raña	● barreña
● arneiro		■ raña da pèdra	◆ borocira
⊕ arnèste		□ raña da pena	◇ carolo
⊗ arnesto		⊞ raña del penedo	◇ caracul
		⊞ roña do mar	▶ coco
			◀ cuco
			◻ craca
			▼ cunchagho
			● sarrio
			* solbitincho
			⊙ subiòte
			◆ chifle da pèdra



Mapa 24. Galadas

- | | | | | |
|-----------|------------|------------|--------------|-----------------|
| ● gala | ● ghalada | ■ guèira | ▲ gharnèla | ❖ gholdralleira |
| ● ghala | ● galaxa | ■ guElra | ■ ghreleiras | ● gholfeiras |
| ⊕ galla | ● gallaxas | ■ ghèira | | ⊕ magha |
| ⊙ ghalla | ● ghaleta | ⊙ guecurra | | ★ barbilla |
| ⊕ gallas | | ⊕ ghèira | | |
| ⊕ agallas | | ⊕ xèira | | |



Mapa 25. Buguina (*Buccinum undatum*)

- | | | | |
|-----------|----------|------------|----------------------|
| ● bughina | ● busina | ■ corno | ● apupo |
| ⊙ boghina | ⊙ buSina | ■ corno | * calrou |
| ● bughino | ⊙ bosina | ■ cOrno | ▲ trompeta |
| | ● buSiu | ■ còrna | + caracòla, caricòla |
| | ● buSu | ■ cornecho | |
| | | ◆ cornèta | |
| | | ◆ corneta | |
| | | ◆ curneta | |

ANEXO

PUNTO	LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO	PROVINCIA
1	Ortigueira	Mouguías	Coaña	Asturias
2	El Porto	Valdeparets	El Franco	Asturias
3	Tapia de Casarego	Tapia de Casarego	Tapia de Casarego	Asturias
4	As Figueiras	As Figueiras	Castropol	Asturias
5	Ribadeo	Ribadeo (Santa María)	Ribadeo	Lugo
6	Rinlo	Rinlo (San Pedro)	Ribadeo	Lugo
7	Foz	Foz (Santiago)	Foz	Lugo
8	Cangas de Foz	Cangas (San Pedro)	Foz	Lugo
9	Burela	Burela (Santa María)	Burela	Lugo
10	San Cibrao	Lieiro (Santa María)	Cervo	Lugo
11	Viveiro	Viveiro (Santa María e Santiago)	Viveiro	Lugo
12	Bares, O Porto de	Bares (Santa María)	Mañón	A Coruña
13	Espasante	Espasante (San Xoán)	Ortigueira	A Coruña
14	Cariño	Cariño (San Bartolomeu)	Cariño	A Coruña
15	Cedeira	Cedeira (Santa María do Mar)	Cedeira	A Coruña
16	Pantín	Pantín (Santiago)	Valdoviño	A Coruña
17	Mugardos	Mugardos (San Xulián)	Mugardos	A Coruña
18	Ares	Ares (San Xosé)	Ares	A Coruña
19	Pontedeume	Pontedeume (Santiago)	Pontedeume	A Coruña
20	Miño	Miño (Santa María)	Miño	A Coruña
21	Sada	Sada (Santa María)	Sada	A Coruña
22	Mera	Maianca (San Cosme)	Oleiros	A Coruña
23	A Coruña	A Coruña	A Coruña	A Coruña
24	Caión	Caión (Santa María do Socorro)	A Laracha	A Coruña
25	Malpica	Malpica de Bergantiños (San Xulián)	Malpica de Bergantiños	A Coruña
26	Corme	Corme Porto (Nosa Señora dos Remedios)	Ponteceso	A Coruña
27	Laxe	Laxe (Santa María)	Laxe	A Coruña
28	Camariñas	Camariñas (San Xurxo)	Camariñas	A Coruña
29	Muxía	Muxía (Santa María)	Muxía	A Coruña
30	Sardiñeiro	Sardiñeiro (San Xoán)	Fisterra	A Coruña
31	Ézaro, O	Ézaro, O (Santa Uxía)	Dumbría	A Coruña
32	Lira	Lira (Santa María)	Carnota	A Coruña
33	Muros	Muros (San Pedro)	Muros	A Coruña
34	Abelleira	Abelleira (Santo Estevo)	Muros	A Coruña
35	Noia	Noia (San Martiño)	Noia	A Coruña
36	Portosín	Goiáns (San Sadurniño)	Porto do Son	A Coruña
37	Porto do Son	Noal (San Vicente)	Porto do Son	A Coruña
38	Aguiño	Aguiño (Nosa Señora do Carme)	Ribeira	A Coruña

PUNTO	LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO	PROVINCIA
39	Ribeira	Ribeira (Santa Uxía)	Ribeira	A Coruña
40	Palmeira	Palmeira (San Pedro)	Ribeira	A Coruña
41	Pobra do Caramiñal, A	Caramiñal, O (Santa María A Antiga)	Pobra do Caramiñal, A	A Coruña
42	Escarabote	Lampón (Santiago)	Boiro	A Coruña
43	Rianxo	Rianxo (Santa Comba)	Rianxo	A Coruña
44	Carril, O	Carril, O (Santiago)	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
45	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía (Santa Baia)	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
46	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa (San Cibrán)	Vilanova de Arousa	Pontevedra
47	Cambados	Cambados (Santa Mariña)	Cambados	Pontevedra
48	O Grove	Grove, O (San Martiño)	Grove, O	Pontevedra
49	Portonovo	Adina (Santa María)	Sanxenxo	Pontevedra
50	Raxó	Raxó (San Gregorio)	Poio	Pontevedra
51	Combarro	Combarro (San Roque)	Poio	Pontevedra
52	Canto de Area	Marín (Santa María do Porto)	Marín	Pontevedra
53	Marín	Marín (Santa María do Porto)	Marín	Pontevedra
54	Mogor	Mogor (San Xurxo)	Marín	Pontevedra
55	Bueu	Bueu (San Martiño)	Bueu	Pontevedra
56	Cangas	Cangas (Santiago e San Salvador)	Cangas	Pontevedra
57	Cesantes	Cesantes (San Pedro)	Redondela	Pontevedra
58	Bouzas	Bouzas (San Miguel)	Vigo	Pontevedra
59	Coruxo	Coruxo (San Salvador)	Vigo	Pontevedra
60	Panxón	Panxón (San Xoán)	Nigrán	Pontevedra
61	Baiona	Baiona (Santa María)	Baiona	Pontevedra
62	A Guarda	Guarda, A (Santa María)	Guarda, A	Pontevedra
63	Caminha	Caminha	Caminha	Viana do Castelo
64	Vila Praia de Âncora	Vila Praia de Âncora	Caminha	Viana do Castelo
65	Viana do Castelo	Monsserrate	Viana do Castelo	Viana do Castelo
66	Castelo do Neiva	Castelo do Neiva	Viana do Castelo	Viana do Castelo
67	Caxinas	Vila do Conde	Vila do Conde	Oporto
68	Vila do Conde	Vila do Conde	Vila do Conde	Oporto
69	Matosinhos	Matosinhos	Matosinhos	Oporto